CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Ter consciencia dalgunhas estratexias e aplicalas na súa maioría de forma guiada.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo, e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar de xeito comprensible e cun grao de corrección do 50% o proceso de produción de textos e de inferencia de significados.		
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando claramente.	Comprender cando menos o 50% de descrições, narracións, instrucións moi elementais.	TI	50
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos elementais intelixibles, aínda que se cometan erros de pronuncia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Participar en situacións interactivas moi básicas, pronunciando de xeito intelixible, preguntando cando non comprende e repetindo, con especial atención á articulación, á acentuación e á entoación, cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Facerse comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas moi básicas.		
CA1.9 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar suficientemente cando menos no 50% das veces. Pedir repeticións sempre que o precise.		
CA1.10 - Comprender preguntas básicas e dar e comprender información moi sinxela, relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Comprender e dar a comprender información sinxela cando menos no 50% das veces.		
CA1.11 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción simples, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Ter consciencia da maioría das estratexias traballadas e aplicarlas na súa maioría.		
CA1.12 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitir eficazmente a información, cando menos no 50% das ocasións.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Ter consciencia da totalidade das estratexias traballadas e aplicarlas na súa maioría facendo uso dos recursos oportunos.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Comparar e contrastar, cando menos, as similitudes e diferenzas básicas (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas moi básicas...).		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Facer unha autoavaliación dos seus progresos de maneira aproximada á realidade e ser quen de aplicar algunhas das estratexias traballadas para mellorar a súa competencia comunicativa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer o 50% dos estereotipos, rexeitando o 100% dos discriminatorios e prexuízosos. De forma guiada, explicar satisfactoriamente o 50% dos casos de diversidade que se presenten.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Amosar respecto cara a diversidade de xeito habitual.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Evitar estereotipos de xeito habitual. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar as convencións máis básicas adecuadamente, cando menos no 50% das ocasións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás moi básicas (identificar unha persoa, transmitir horarios, unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentar e presentarse; describir as características máis básicas de persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información básica sobre cuestións cotiás; narrar rutinas; dar e pedir indicacións e instrucións moi básicas; expresar o tempo (pola mañá, a mediodía), a cantidade e o espazo. - Uso de modelos contextuais básicos na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (notas ou recados, carteleiras ou fichas). - Utilización de unidades lingüísticas moi básicas de uso máis común e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, secuencia...), formas moi básicas da afirmación, a negación, a interrogación e exclamación, e relacións lóxicas moi básicas e simples. - Utilización de léxico moi básico e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal elemental, relacións

Contidos

- interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade perante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía aplicada nas clases de Francés Segunda Lingua Estranxeira guiarase polos seguintes puntos:

- Activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual do alumnado como o cooperativo, fomentando o traballo autónomo e a autoavaliación, de cara a procurar os progresos.

- Aprendizaxe significativa, de modo que as novas adquisicións do estudante enlacen cos coñecementos previos, tanto do seu repertorio lingüístico como do mundo, para dar lugar a reestruturacións mentais cada vez máis inclusivas, amplas e ricas.
- Aprendizaxe funcional, segundo o cal as actividades de ensino-aprendizaxe parten de situacións reais, académicas e sociais, e retornan a elas en formas diversas de aplicación científica, técnica, social, etcétera.
- Recursos didácticos diversos e fontes de información variadas, coa intención de chegar ás preferencias, gustos e habilidades dun maior número de alumnado, e ofrecer unha visión o máis ampla posible das culturas que vehicula a lingua estranxeira.
- Aprendizaxe lúdica. Na medida do posible as actividades levadas a cabo terán unha compoñente lúdica, de cara a crear un clima de traballo positivo, favorecendo que o alumnado demande máis traballo-xogo e, en consecuencia, a aprendizaxe progresa cun ritmo e profundidade maior.
- Métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.
- Emprego do francés como lingua vehicular na maior parte dos contextos posibles, tanto nas interaccións orais como nas escritas, favorecendo que o alumnado tamén a empregue para dirixirse ao profesorado, mais tamén aos seus iguais.
- Metodoloxía de proxectos, para unha adquisición eficaz das competencias. Diseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- Interdisciplinaria. Implementaranse proxectos comúns a varias materias, que contribúan á adquisición de contidos de todas elas e poidan ser avaliados baixo diferentes aspectos, contribuíndo no alumnado á percepción dun ensino máis global e coherente e rentabilizando o seu traballo e esforzo.
- Reflexión sobre o funcionamento da lingua, encamiñándoa a que o alumnado poida utilizar os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as alleas.
- Trátase o erro como un elemento necesario no proceso de aprendizaxe, evidenciando que calquera falante e aprendiz dunha lingua estranxeira os comete. Levaranse a cabo correccións conxuntas e sistemáticas das producións realizadas no grupo ou producións alleas, mostrando que a detección de erros contribúe a evitar os propios. Valorarase positivamente a expresión, mesmo con erros ou recurso a outras linguas, fronte á non expresión (silencio).
- Coa finalidade de promover a comprensión lectora adicárase un tempo á lectura, así como actividades directamente ligadas ao fomento da lectura e á adquisición da competencia lingüística na súa vertente escrita (banda deseñada, actividades de escritura e lectura en plataformas dixitais, lecturas recomendadas, etc.). Estas actividades, e outras que poidan xurdir, inclúense no plan lector do centro.
- Recursos dixitais: Faise un uso cotiá da aula virtual, presentando material explicativo, tarefas a realizar, probas, etc. Propóñense proxectos que requiran documentarse ou apoiarse en ferramentas dixitais para a súa exposición, contribuíndo así á adquisición da competencia dixital, entre outras.
- No marco dun proxecto de intercambio en liña/epistolar cun centro educativo estranxeiro, procurárase desenvolver destrezas comunicativas tanto receptivas como produtivas.
- A integración da preparación de probas de certificación (DELF Scolaire) resulta nunha mellora das destrezas lingüísticas e nun incremento da motivación do alumnado .
- A materia contribúe á competencia plurilingüe ofrecendo oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender (TIL - Tratamento Integrado das Linguas). O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema interno da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a

adquisición desta competencia.

- De ser o caso, contar coa asignación dunha persoa auxiliar de conversa sería un elemento clave para acercar a realidade cultural e lingüística francófona ao noso alumnado e para facilitar a expresión oral. Achegaría a cultura dos países francófonos, reforzando a compoñente de multiculturalidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de elaboración propia
Documentos auténticos
Aula virtual
Páxinas web vinculadas ao FLE
Dicionarios en papel e en liña
Recursos dixitais (webs específicas, conxugadores...)
Xogos de elaboración propia
Xogos comerciais aplicables á materia
Cartelería
Probas tipo DELF e outras certificacións

- Durante este ano académico non se empregará un manual de referencia en 2º de E.S.O. As explicacións, tarefas de ampliación e/ou reforzo levaranse a cabo con material de elaboración propia, podendo así adaptalo aos requerimentos do grupo. Este material será posto a disposición do alumnado en formato impreso e/ou dixital a través da aula EDIXGAL, que servirá de plataforma de referencia e consulta permanente: explicacións, tarefas, avisos, colaboracións, comunicación entre iguais e co(a) docente.

- Farase igualmente uso de documentos auténticos, escollidos por temática e nivel de dificultade lingüística. Concretamente, o uso deste tipo de material conecta o alumnado coa realidade cultural e lingüística da materia e constitúe un elemento motivador en si mesmo, no que radica a súa valía.

- Farase uso de páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (dicionarios, conxugadores, etc.), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Plickers, etc.).

- Empregarase na aula xogos elaborados expresamente para a práctica na aula, pensados para a adquisición dalgún contido, mais tamén usaranse aqueles xogos comerciais que poidan servir ao mesmo fin.

- Expoñerase na aula cartelería que sirva para motivar ao alumnado, lembrar aspectos lingüísticos e culturais que se constatan curiosos ou que gardan certa dificultade de adquisición, imaxes vinculadas á cultura que vehicula a lingua estranxeira, etc.

- Levaranse a cabo actividades e probas segundo modelos das probas de certificación do DELF Scolaire da Alliance Française para avaliar o grao de consecución das diferentes destrezas. Permitirase deste xeito o diagnóstico de niveis e diferenzas entre as competencias e o perfil de aprendizaxe verase facilitado polo uso das numerosas ferramentas

de avaliación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial permite adecuar a aprendizaxe ás posibilidades do alumnado, mediante a observación e interpretación de coñecementos, actitudes e capacidades. O momento idóneo para a realización desta avaliación inicial é o comezo de curso.

En 2º de E.S.O., o alumnado deberá realizar unha proba escrita na que aparecerán cuestións sobre os contidos abordados durante o curso anterior:

- Un exercicio de comprensión oral (a partir dun audio, responder a cuestións sinxelas sobre o mesmo ou completar unha actividade de "verdadeiro ou falso").
- Exercicios de gramática.
- Exercicios de vocabulario.
- Breve texto para traducir de francés a galego ou castelán (e/ou viceversa).

Nas sesións previas á realización desta proba levarase a cabo a revisión dos contidos máis salientables que se supón deberían estar asimilados polo alumnado ao remate do curso anterior.

MEDIDAS INDIVIDUAIS/COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN INICIAL:

En 2º de E.S.O., os resultados da devandita proba servirán para sentar unha base sobre aqueles contidos que deberán ser revisados de xeito colectivo, en caso de que sexa preciso, durante as primeiras sesións do ano académico.

Se algún alumno/-a precisa levar a cabo unha revisión máis pormenorizada, o Departamento de Francés entregarlle material de apoio (fichas de repaso, actividades, etc.) e fará un seguimento exhaustivo do seu caso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	15	15	15	15	15	100
Proba escrita	50	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50	50	50	50	50

Criterios de cualificación:

Teranse en conta os criterios de avaliación que figuran no punto 3.3 desta programación, para cada unha das UD.

a) Dado que os contidos son progresivos e se reutilizan dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa.

b) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destrezas. Entre as probas, proporanse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación, probas de adquisición de léxico e conxugación, probas de pronuncia, etc. Entre as tarefas, proporase a realización e exposición de traballos monográficos, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade didáctica na que se encaixen que serán previamente definidos e figurarán na aula virtual a disposición do alumnado.

c) O conxunto de probas, tarefas e participación/implicación/traballo diario valorarase de 1 a 10 puntos. A

cualificación trimestral obterase das cualificacións obtidas nas unidades didácticas traballadas en cada trimestre, ponderadas tal e como se indica a continuación:

- Probas escritas: Porcentaxe total 50% (10% comprensión de textos orais; 10% comprensión de textos escritos; 10% produción de textos escritos; 10% coñecemento da lingua francesa -gramática e vocabulario-; 10% plurilingüismo e multiculturalidade).
- Probas orais: Porcentaxe total 20% (10% produción oral; 5%; interacción; 5% mediación).
- Tarefas: Porcentaxe total 20%.
- Participación, implicación e traballo diario: Porcentaxe total 10%.

PROBAS ESCRITAS (50%)

As probas escritas de cada avaliación consistirán en exercicios e preguntas sobre breves textos escritos, sobre mensaxes orais, exercicios de gramática, vocabulario, cultura e civilización, fonética, conxugación verbal, traducións, redaccións, ditados, etc. Incluirán algunha actividade de comprensión oral (escoita dun documento sonoro a partir do cal se formulará algunha/-s cuestión/-s que o alumnado deberá resolver por escrito).

A corrección destas probas realizarase por fallos ou erros (-0,05 ou -0,10 p. cada erro, dependendo da actividade), tendo en conta a coherencia, expresión e manexo da lingua francesa. Cada proba cualificarase cun máximo de 5 puntos.

Prestarase especial atención á ortografía, á caligrafía e á presentación. As faltas de ortografía serán penalizadas directamente na actividade na que se cometan.

Tamén se terá en conta nas probas escritas que os datos de identificación do alumnado (prénom et nom) e a data (escrita de xeito formal en francés) estean correctos.

Se algún/algunha alumno/-a é sorprendido/-a copiando ou facendo trampa no momento da realización da proba, a súa cualificación na mesma pasará a ser automaticamente un 0 (cero).

En caso de que algún/algunha alumno/-a non se presente á realización dunha proba escrita na data sinalada deberá aportar un xustificante ao profesorado titor para que se lle realice dita proba outro día; de non presentar xustificación algunha considerarase que a súa cualificación nesa proba é un 0 (cero).

PROBAS ORAIS (20%)

Ao final de cada trimestre todos/-as os/as alumnos/-as deberán realizar como mínimo unha proba oral que terá unha cualificación de 2 puntos como máximo. Esta proba será gravada nun arquivo de audio ou de vídeo.

A corrección desta proba realizarase mediante unha táboa de indicadores de logro e por fallos ou erros, tendo en conta a pronunciación, expresión e manexo da lingua francesa.

As características das probas orais serán as seguintes:

1º e 2º TRIMESTRE: Lectura dun texto breve (1 minuto aprox.) con vocabulario traballado durante o trimestre.

3º TRIMESTRE: Lectura dun pequeno texto en francés e resposta en francés a unha serie de preguntas (elixidas ao chou por cada alumno/-a)

e relacionadas cos contidos traballados ao longo do curso. Esta proba realizarase na aula de xeito presencial.

TAREFAS (20%)

Ao longo de cada trimestre o profesorado propondrá tarefas de diversa índole (exercicios, traballos, redaccións, traducións, presentacións orais ou escritas, murais, etc.) para realizar na aula ou fóra dela. Cada tarefa será valorada cun máximo de 2 puntos e acadarase unha nota media entre todas as que se leven a cabo durante o trimestre.

Avaliarase cada tarefa por fallos ou erros. Valoraranse non só os contidos das tarefas, senón tamén a forma de expresión (oral ou escrita), a ortografía, a caligrafía e a presentación (no caso de exercicios escritos).

O feito de non entregar unha tarefa no prazo establecido suporá un - 0,25 p. menos na cualificación da mesma, agás nos casos de ausencia xustificada.

O feito de non realizar unha tarefa suporá unha cualificación de cero puntos (0) na mesma.

PARTICIPACIÓN, IMPLICACIÓN E TRABALLO DIARIO (10%)

Para poder ter unhas sesións dinámicas é imprescindible que o alumnado participe nas clases, colabore, traballe, aporte o material necesario para o desenvolvemento da sesión e mostre un grao mínimo de implicación. Estes aspectos serán avaliados mediante a observación na aula atendendo á seguinte rúbrica:

1p. : O/A alumno/-a intervéen con asiduidade de xeito voluntario axustándose á temática tratada, presta atención ás explicacións, realiza todas as tarefas encomendadas, ten o material necesario para o desenvolvemento da sesión e mostra un alto grao de implicación cara a materia, respectando as normas básicas de convivencia.

0,50 p. : O/A alumno/-a intervén de xeito voluntario en contadas ocasións, ou non sempre presta atención ás explicacións, ou non realiza todas as tarefas ou non sempre ten o material necesario para o desenvolvemento da sesión.

0 p.: O/A alumno/-a nunca participa de xeito voluntario, ou cando o fai non se axusta á temática tratada, ou non respecta as normas básicas de convivencia (interrompe, descalifica, etc.), ou realiza moi poucas ou ningunha das tarefas, ou en moitas ocasións non ten consigo o material necesario para o desenvolvemento da sesión ou non mostra ningunha implicación cara a materia.

d) Actividades de ampliación e/ou reforzo: O Departamento de Francés poderá propor ao longo do curso a realización de diferentes actividades de ampliación e/ou reforzo destinadas a atender a diversidade (concursos, realización de vídeos, correspondencia, etc.). En caso de levar a cabo algunha destas actividades o profesorado explicará con detalle a incidencia que poderá ter a mesma na nota media da avaliación.

e) O alumnado que non participe nalgunha actividade complementaria ou extraescolar organizada polo Departamento de Francés deberá realizar un traballo relacionado coa mesma. Será o/a profesor/-a quen se encargue de darlle as indicacións necesarias para elaborar dito traballo.

f) A cualificación da avaliación final obterase da media aritmética das cualificacións trimestrais. Superarán a materia aqueles/-as alumnos/-as que obteñan unha media aritmética igual ou superior a 4,5 a partir das cualificacións das tres avaliacións do curso. O redondeo farase á alza a partir de 0,5.

Exemplos: 4,75 redondea a 5; 4,50 redondea a 5; 4,45 redondea a 4; 4,25 redondea a 4.

Para promocionar, en calquera caso, todo/-a alumno/-a deberá ter superado o grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación indicados para cada unidade.

Criterios de recuperación:

a) Dado que os contidos son progresivos e se reutilizan dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxetivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

c) Os/As alumnos/-as que obteñan unha cualificación inferior a 4,5 na media aritmética das tres avaliacións, terán a oportunidade de realizar unha proba de recuperación na que se incluírán contidos traballados ao longo de todo o ano académico. Esa proba terá lugar nas últimas sesións do mes de xuño (a data será concretada a comezos do 3º trimestre). Para aprobar esta recuperación será necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos (sobre 10).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Tendo en conta que a Segunda Lingua Estranxeira ten a consideración de materia con contidos progresivos, o Departamento de Francés estipula que o alumnado que teña a materia de Francés pendente do curso anterior superará dita materia se supera a mesma materia no curso no que está matriculado/-a, tendo que realizar soamente actividades de recuperación da materia pendente que durante ese curso non se imparta.

ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE

O Departamento de Francés ten elaborado un programa de reforzo para levar a cabo con aqueles/-as alumnos/-as que teñen a materia de Francés pendente de cursos anteriores. Neste apartado debemos diferenciar dous tipos de alumnado:

A) Alumnos/-as matriculados/-as en Francés durante o curso actual coa materia pendente de cursos anteriores. Por tratarse dunha materia considerada de aprendizaxe progresiva, estes/-as alumnos/-as recuperarán a materia pendente aprobando (cunha cualificación de 5 ou máis puntos) a 1ª ou a 2ª ou a 3ª avaliación do curso no que está matriculado. Ao mesmo tempo, recibirán fichas con exercicios específicos relacionados cos contidos non superados no curso anterior; deberán entregar esas fichas nas datas estipuladas para que a xefa do Departamento de Francés as corrixa e as entregue de novo para que o alumnado as revise e comprobe se cometeu algún erro ou non. De non

aprobar ningunha das tres avaliacións deberán presentarse a unha proba escrita que se celebrará no mes de xuño. Se superan esta proba, considerarase recuperada a materia.

B) Alumnos/-as NON matriculados/-as en Francés durante o curso actual coa materia pendente de cursos anteriores. Para que aqueles/-as alumnos/-as que teñen a materia de Francés pendente poidan recuperala durante o curso, o Departamento de Francés levará a cabo o seguinte plan de traballo:

1) Dossier de actividades I: Os/As alumnos/-as recibirán a comezos do 1º trimestre un dossier con actividades que deberán entregar feito, como data límite, o venres 1 de decembro de 2023.

2) Dossier de actividades II: Os/As alumnos/-as recibirán a mediados do mes de xaneiro un segundo dossier con actividades. A data límite para que o devolvan feito será o venres 15 de marzo de 2024.

3) Dossier de actividades III: Os/As alumnos/-as recibirán a comezos do mes de abril un terceiro dossier con actividades. A data límite para que o devolvan feito será o venres 31 de maio de 2024.

4) Valoración das actividades: Cada dossier será valorado cunha puntuación do 1 ao 10. Para obter a nota final farase a media aritmética dos tres. Superará a materia o alumnado que teña unha cualificación igual ou superior a 5. En caso de ter unha cualificación inferior a 5, deberá presentarse no mes de xuño a unha proba escrita que consistirá nunha serie de exercicios de gramática, léxico, tradución, etc., baseados nos mínimos esixibles para cada curso tal e como se especifica na Programación Didáctica. Se supera esta proba, considerarase recuperada a materia.

Nas xuntas de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e realizaranse os axustes necesarios. O Departamento de Francés estará á disposición do alumnado para que quen o desexe poida resolver as súas dúbidas en calquera momento.

Neste ano académico (2023/2024) non hai ningún alumno/-a coa materia de Francés pendente de cursos anteriores.

PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR

O alumnado que non promocioe e non supere a materia, seguirá un programa de reforzo elaborado polo Departamento de Francés destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente a dito programa.

O programa de reforzo organizarase para cada estudante tendo en conta as dificultades de aprendizaxe que motivaron a non superación da materia en relación cos mínimos establecidos na programación docente da mesma.

Para a avaliación da materia teranse en conta os progresos que o/a alumno/-a realice nas actividades do programa de reforzo, así como a súa evolución na materia. Ademais, na medida do posible, este alumnado recibirá unha atención personalizada por parte do profesorado, procurarase adaptar o material didáctico ás súas necesidades así como adaptar os contidos aos mínimos esixibles segundo a súa capacidade. E, por suposto, variarase a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno/-a coa finalidade de conseguir unha motivación que permita que supere a materia cunha cualificación positiva.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade é o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Nunha aula hai alumnado con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, e debemos perseguir o obxectivo de que todo/-a alumno/-a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese. A diversidade de exercicios e tarefas posibilita que todos/-as os/as alumnos/-as poidan atopar algún que estea de acordo co seu estilo de aprendizaxe.

En canto á necesidade de atender os diferentes ritmos de aprendizaxe, existe un gran número de actividades destinadas a este fin. Ademais, debemos responder ás diferenzas individuais na aula, mediante diversas actividades de ampliación e reforzo para alumnos/-as que terminan antes o seu traballo.

Os materiais utilizados teñen en conta que alumnos/-as sen unha capacidade grande como aprendices de linguas poden, sen embargo, ser bos noutros campos como a arte ou as ciencias, ou poden ter algunha afección interesante que o profesorado pode aproveitar en clase. Isto aumentará a motivación e a autoestima deste alumnado e demostrará a todos/-as o valor que se concede nese ámbito a diversas destrezas ou habilidades.

O enfoque metodolóxico que se utilizará ten en conta o anteriormente descrito, dando un tratamento globalizado ao

traballo por medio de:

- A adaptación de obxectivos, contidos e actividades propostas na programación das unidades.
- As propostas de traballo graduadas e diversificadas para facer que a clase sexa agradable e produtiva para os/as alumnos/-as.
- O método de traballo, con propostas de exercicios variados, cancións, xogos, pequenas redaccións, debuxos, etc.
- A planificación de actividades con obxectivos comunicativos e extralingüísticos fomenta a comunicación para que poidan ser traballados polo alumnado con diferentes niveis.
- O fomento da participación e a colaboración entre o alumnado con diferentes capacidades, xa que posibilita o traballo en parellas e, sobre todo, en equipo. Unha actitude positiva de traballo e unha boa participación nas actividades de grupo serán moi importantes no seu rendemento posterior. O profesorado axudará a que o alumnado sexa consciente diso.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES

En principio, parece ser que ningún/ningunha dos/as alumnos/-as que cursan Francés durante este ano académico vai precisar unha adaptación curricular nesta materia. De darse algún caso, o Departamento dará conta do mesmo no Libro de Actas e na Memoria Final de curso.

En consonancia coas medidas que a lexislación prevé que o equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación deben observar, como profesorado específico da materia de Francés Segunda Lingua Estranxeira cómpre levar a cabo estas outras:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando ao profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
- d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

- a) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaboraráo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado incluírá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias.

As familias serán informadas deste plan, podendo acreditarlo.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

- b) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Por tratarse dunha segunda lingua estranxeira, é altamente probable que o alumnado cun retraso madurativo, con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación fose proposto para unha exención nos dous primeiros cursos da ESO. Porén, é probable atopármolos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA etc.).

- Adoptarase un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente.
- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.
- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

c) O alumnado con necesidades educativas especiais.

Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexistación prevé que as administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, de ser o caso sempre que faciliten, estes recursos poranse á disposición do alumnado.
- Impartiranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex. material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)
- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.
- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).
- De ser preciso, ofreceráselle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.
- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.
- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.
- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.
- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigurosamente ao profesorado tutor.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Aadoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.
- Proporase actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión

superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.

- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.
- Na medida do posible, integraranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.
- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.
- Proporánselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfacemento curricular.

É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da Segunda Lingua Estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO. De non ser así, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.
- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.
- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Dereitos da infancia	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero e coeducación	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial personalizada	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o desenvolvemento sostible			X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde, tamén emocional e sexual			X	X	X	X	X
ET.6 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Emprendemento social e empresarial			X	X			X
ET.11 - Fomento do espírito crítico e científico		X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.13 - Creatividade		X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
La Chandeleur	O 2 de febreiro celébrase a Chandeleur, tamén coñecido como o día das "crêpes". O Departamento conmemorará este día realizando unha achega a esta celebración tan sinalada en Francia.		X	
Teatro en francés	Saída ao teatro para asistir á representación da obra titulada "Les trois mousquetaires", o luns 26 de febreiro de 2024, no Colexio La Salle (Santiago de Compostela).		X	
Journée de la francophonie	Segundo o calendario oficial, o 20 de marzo celebrarase o día da francofonía propoñendo actividades diversas vinculadas ao francés: visionado de películas ou curtametraxes, degustación de produtos gastronómicos de países francófonos, videoconferencias con falantes nativos en lugares diversos, xogos, etc.		X	
Fête de la musique	21 de xuño. Iniciativa xurdida en Francia en 1982 que se recreará no centro, en colaboración co Departamento de Música e outros que desexen vincularse. Crearanse diferentes puntos no centro onde escoitar música, bailar e tocar, recreando o que se podería ver nesta data en calquera punto de Francia. De non ser posible realizar esas actividades no exterior, conmemorarase na aula escoitando música francesa de distintos estilos.			X
Actividades, exposicións, certames ou actos culturais	O Departamento de Francés está disposto a organizar a asistencia do alumnado a todo tipo de actividades, exposicións, certames ou actos culturais que poidan ter relación co estudo da lingua francesa e que teñan lugar durante o curso académico.	X	X	X
Xogos, exposicións, actividades e concursos	O Departamento manterase atento ás distintas convocatorias de xogos, exposicións, actividades e concursos promocionados por distintos organismos para a promoción da lingua francesa.	X	X	X
Correspondencia de cartas	Participación nunha correspondencia de cartas con alumnado estudante de español dun instituto francés de Isle (Nouvelle Aquitaine).	X	X	X
Cine en francés	Proxección de fragmentos de diferentes películas e curtametraxes en francés, algunhas subtituladas para facilitar unha maior comprensión.	X	X	X
Música en francés	Traballo na aula con diferentes cancións en lingua francesa, incluíndo a posibilidade de preparación e interpretación dunha canción nalgún dos festivais públicos escolares.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Lectura en francés	Traballo con libros de nivel fácil, axeitado ao alumnado, para espertar o amor pola lectura.	X	X	X
Civilización e cultura francesas	Estudo da civilización francesa mediante o visionado de vídeos culturais, documentais, reportaxes... e a lectura de textos extraídos de revistas, xornais, blogs, etc.	X	X	X
Audiovisuais	Montaxe de pequenos vídeos e presentacións en lingua francesa, relacionados cos contidos traballados ao longo do curso.	X	X	X
Blog (BoqueFLE)	Colaboración do alumnado para manter ao día o blog do Departamento de Francés (BoqueFLE) coa intención de publicar nel contidos relacionados coa actualidade e a cultura francesa. Dende o espazo adicado ao Departamento dentro da web oficial do centro existe unha ligazón a este blog para que todas aquelas persoas que o desexen poidan visitalo e consúltalo.	X	X	X
Na volta á calma, aproveitaremos o tempo de recuperación para recordar os puntos máis importantes traballados na parte anterior, repartiremos, no seu caso, as fichas de avaliación da sesión e motivaremos o alumnado para a sesión seguinte.

3. O COÑECEMENTO DOS RESULTADOS/EXECUCIÓN

Na actualidade ninguén dubida de que o coñecemento dos resultados constitúa un dos aspectos clave dentro do proceso de aprendizaxe motor. A súa importancia vén certificada por múltiples traballos de investigación que coinciden en afirmar o seu extraordinario valor dentro do proceso de aprendizaxe.

A progresión ao longo das etapas educativas debe ir dende un Coñecemento dos Resultados Extrínseco cara a un cada vez máis Intrínseco.

Nesta proposta de Programación, o Coñecemento dos Resultados abranguerá, en función do momento, tres tipos. Así, en certos contidos, como por exemplo os contidos máis técnicos, trataremos de utilizar o Coñecemento dos Resultados Concorrente. Tanto a través dunha transmisión verbal como táctil, procuraremos que o alumnado modele a súa execución técnica no mesmo momento de realizar a acción.

Naquelas situacións, nas que buscamos que a información teña unha incidencia positiva sobre as execucións posteriores, como no caso dun xesto técnico específico, utilizaremos o Coñecemento dos Resultados Inmediato. Nun principio, mediante unha transmisión verbal, e sempre que sexa necesario, a través dunha transmisión táctil ou visual.

E por último, trataremos de aumentar o protagonismo do Coñecemento dos Resultados Intrínseco, atrasando a administración da información durante un tempo, unha vez finalice a tarefa. Este Coñecemento dos Resultados Diferido, é propio da aprendizaxe dos comportamentos tácticos, onde, combinado con Estilos de Ensino baseados na Busca, pretendese proporcionar un maior protagonismo ao alumnado á hora de analizar a información e tomar decisións.

4. ACTIVIDADES

A función das actividades é a de reforzar os contidos, grazas a elas o alumnado adquire os mesmos. Ademais, teñen unha función favorecedora do proceso de socialización.

Polo tanto, para cumprir coa súa función, utilizaremos diferentes tipos de actividades. As actividades de Diagnóstico utilizarémolas principalmente nas primeiras sesións de cada U.D. co obxectivo de levar a cabo a avaliación dos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a desenvolver. As actividades de Desenvolvemento que utilizaremos para desenvolver os contidos centrais das distintas UU.DD. Ligadas a estas actividades virán as de Síntese, nas cales trataremos de conseguir a aplicación dos contidos aprendidos, en situacións reais de práctica. Por último, seguindo a lóxica metodolóxica, levaremos a cabo as actividades de Avaliación, coas que pretendemos comprobar o nivel de adquisición de contidos desenvolvido polo alumnado. Non debemos esquecer, que dada a heteroxeneidade do alumnado, os ritmos de aprendizaxe son individuais, polo tanto teremos preparados dous tipos máis de actividades; as de Reforzo, que utilizaremos con aquel alumnado cuxo ritmo de aprendizaxe sexa máis lento que o do grupo de referencia; e as de Ampliación, que utilizaremos con aquel alumnado que presenta un dominio importante do contido dende un principio, ou cuxo ritmo de aprendizaxe está por riba do grupo de referencia.

5. ESTRATEXIA NA PRÁCTICA

A estratexia na práctica que utilizaremos dependerá do tipo de contido e da tarefa que deseñamos, así como do seu obxectivo.

Así por exemplo, para as actividades de avaliación inicial, deseñadas para a primeira sesión de cada U.D., con carácter xeral, a estratexia será de tipo global, onde se implique o maior número de habilidades, fundamentos e coñecementos posible para poder facernos unha idea xeral do nivel de coñecemento inicial do noso alumnado no devandito contido.

Para aquelas tarefas onde o obxectivo perseguido sexa entre outros unha aprendizaxe técnica, a estratexia a utilizar será máis analítica. Por exemplo a aprendizaxe dun xesto técnico, comezará cunha aproximación analítica ao mesmo descompoñéndoo en diferentes partes secuenciadas segundo os segmentos corporais implicados no xesto.

Por último, para os pasos intermedios entre as aprendizaxes máis analíticas e as máis globais, utilizaremos estratexias sintéticas que nos permitan avanzar na aprendizaxe de todo tipo de contidos.

Hai que dicir, que as estratexias utilizadas poden presentarse de forma tanto simultánea como secuencial dentro da mesma sesión. Así mesmo, pódense utilizar en ambos os dous sentidos, é dicir, podemos partir dunha estratexia global para rematar cunha aprendizaxe máis analítica, ou viceversa, podemos partir dunha estratexia máis analítica para rematar cunha máis global.

6. RUTINAS

Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establécense unha serie de rutinas.

Entrada e Saída da aula: A entrada á aula será o máis puntual posible, establecéndose unha marxe de 5 minutos entre o toque do timbre e a entrada na aula de educación física (pavillón, pista, etc) correspondente. A saída da mesma non se producirá ata que toque o timbre.

Cambio de Roupa: O alumnado, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa necesaria para realizar a sesión, sempre e cando este sexa necesario.

Hábitos Hixiénicos: Distinguiremos entre aseo e ducha. Entendemos por aseo o secado da sudoración e o cambio de roupa. Para iso o alumnado contará con 5 minutos. O alumnado que mostre a súa intención de ducharse, debe advertilo ao profesorado antes de iniciar a clase, cedéndoselle os últimos 7 minutos da sesión.

Recollida do Material: O material utilizado na sesión será recollido por quendas polo alumnado participante na sesión a excepción de, se é o caso, o alumnado que se vaia duchar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Os materiais e recursos utilizados serán variados. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque participativo, comunicativo e comprensivo.

Os materias didácticos con que conta o departamento de educación física para desenvolver a programación son os seguintes: atletismo (4 martelos, 2 testigos para relevos, 2 discos), balóns: balonman (12), fútbol (15), baloncesto (10), voleibol (8), Béisbol (3 bates y 2 pelotas), Rugby (2), Raquetas tenis (20 raquetas y 20 pelotas despresurizadas y 20 con presión), Bádminon (25 raquetas y 3 botes de volantes), Floorball (20 sticks y 20 pelotas), Lacrosse (12 palos y 6 pelotas), Balons blandos (8), Indiacas (20 e 5 recambios), frisbees (10), cuerdas pequenas (26), cuerdas grandes (2), inchadores (2), conos (15), setas (30), petos (30), cronómetros (3), cinta métrica (1), micrófono (1), ordenador (1), aparato música (1), altofalantes (1).

En canto aos recursos didácticos cos que contamos para desenvolver a programación didáctica son: a aula virtual do centro (moodle) así como vídeos para ás explicacións, apuntes do profesor e aplicacións como (JuegosEF , Nike Training, Strava, spottify, Dafis, Poscats), artigos de periódicos e tamén mobiles para elaboración de vídeos e genially e power point para a presentación de traballos. Instalacións, as clases de Educación Física teñen lugar nas instalacións de titularidade do Concello, que son: pavillón polideportivo, campo de fútbol herba artificial, ximnasio, pistas exteriores de secundaria , as pistas exteriores do recinto de primaria e a piscina, todas atópanse ao lado do Centro, así como a contorna do centro para actividades no medio natural (carreiras, marchas en bicicleta, marchas nórdicas, orientación etc. En canto a material bibliográfico temos algúns libros na biblioteca que poden consultar para traballos ou preparación de exames. Non hai libro da materia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao inicio de cada Unidade Didáctica para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma.

Os procedementos de avaliación poderán ser variados, tanto probas escritas, como observación directa de tarefas específicas nas primeiras sesións, ou mediante cuestionarios orais. O instrumento para a avaliación inicial dependerá do contido da U.D.

Unha vez feita, a persoa docente valorará a necesidade de realizar adaptacións nos diferentes apartados da programación, de ser o caso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	10	10	15	10	15	10	5	5	100
Proba escrita	10	0	15	10	10	20	5	5	5	10
Táboa de indicadores	90	100	85	90	90	80	95	95	95	90

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación son o resultado da avaliación sumativa expresados en forma numérica. Resume o xuízo do profesor en relación co nivel de logro dos obxectivos previstos na programación didáctica polo tanto, os criterios de cualificación do alumnado serán un conxunto de factores a ter en conta:

A Programación Didáctica consta de 9 UD. As UU.DD. están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que a 1, 2 e 3 impartiranse no primeiro trimestre cun peso total do 34%; a 4, 5 e 6 impartiranse no segundo trimestre cun peso total do 34%, e a 7, 8 e 9 impartiranse no terceiro trimestre cun peso total do 32%. No número de sesións asignado a cada UD contémpanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliación.

O peso de cada UD establecerase función do número de sesións e do contido da mesma.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 45%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaránse as medidas de reforzo educativo necesarias.

A cualificación de cada avaliación obterase do sumatorio dos seguintes tres apartados:

- A parte práctica terá un valor dun 40 %,
- A parte teórica dun 20 % que no caso de non se realizar, sumarase á parte práctica.
- Outro 40 % restante, corresponderá a asistencia, a puntualidade, así como levar a roupa e calzado adecuado para a práctica.

A cualificación de cada trimestre, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre.

A cualificación da avaliación previa á avaliación final da materia, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral.

O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata .4 cara abaixo e dende .5 cara arriba), e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha puntuación de 4,5 ou superior.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, como observación directa por parte da persoa docente. As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos.

Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesiões, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc.

Para a avaliación deste alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado que poderá complementarse con traballos escritos.

En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido é sempre a táboa de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, e ademais é unha limitación da aplicación. Non obstante, consideramos que dentro desta tipoloxía entran tamén as probas escritas.

Crterios de recuperación:

Para recuperar as UU.DD. non superadas:

Rematada a UD proporase ao alumnado que non a superou, actividades de recuperación, supervisadas, avaliadas e cualificadas por observación directa nunha sesión previo acordo profesor/a - alumno/a. Segundo as circunstancias, poderanse propor a realización de probas escritas. De non superala, quedará pendente de recuperar, sempre e cando o alumnado non supere o trimestre, neste último caso a UD darase por superada.

Para recuperar a avaliación trimestral:

O alumnado deberá recuperar so as UU.DD. que non teña superadas. O profesorado propondrá actividades de recuperación ao alumnado supervisadas, avaliadas e cualificadas por observación directa nunha ou varias sesións previo acordo profesor/a - alumno/a. Segundo as circunstancias, poderanse propor a realización de probas escritas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado de 2º ESO que fora promocionado desde o curso anterior coa materia sen superar deberá seguir un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia do alumno ou alumna, e baixo as directrices deste departamento didáctico, así como co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo entregarase a cada alumno ou alumna coa materia pendente ao longo do mes de setembro, unha vez iniciado o curso e terá que conter a seguinte información:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Información relevante sobre a materia sen superar.
- Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- Seguimento e avaliación.
- Acreditación da información á familia.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.

Alumnado con diferente nivel de competencia motriz. Ao alumnado que teña baixo nivel de competencia motriz nos contidos dalgunha/s unidade/é didáctica/s, realizaránselle apoios e reforzos para favorecer tanto a súa práctica como a súa aprendizaxe. De ser necesario, adaptaráselle os tempos e os procedementos de avaliación.

Alumnado lesionado ou incapacitado temporalmente para realizar a práctica. No caso deste alumnado con necesidades educativas especiais poñeranse en marcha os apoios e as atencións educativas específicas necesarias para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe. Nestes casos, asignarase un rol en función da UD que garanta que participa e logra os obxectivos fixados: avaliador, xuíz/árbitro e axudante serán os roles máis utilizados. A avaliación da súa práctica realizarase a través de táboas de indicadores específicas. A este alumnado, de ser o caso, en función das súas necesidades de atención á diversidade adaptaráselle tanto os tempos como os procedementos de avaliación. En todo caso, evitarase que se limite a tomar nota da sesión.

Alumnado que promociona coa materia sen superar. Neste caso elaborárase un Plan de reforzo adaptado ás súas particularidades. De todos os apartados do plan, destacamos as tarefas para realizar e a súa temporalización, así como os procedementos de seguimento e avaliación.

Por outro lado, no caso do alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento podemos poñer en marcha:

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc...

- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada. Procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...

- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física). Reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconceito, creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades. Simplificación das actividades e adaptación das regras de xogo.

En canto ao alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, podemos:

- Plantexar actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.

- Implicar a este alumnado en programas de acción tutorial con compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL Y ESCRITA	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL	X							
ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL Y ESCRITA	X
ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	X
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL	X
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL	
ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO	
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
PARTICIPAR NAS CELEBRACIONS COMO O SAMAGOSTO, ENTROIDO. DÍA DA PAZ, etc	Nas celebracións sempre haberá actividades motrices , no Samagosto haberá xogos populares para todo o alumnado, Día da Paz cunha coreografía de todo o centro,			
PATINAXE SOBRE XEO	Saída a Santiago de Compostela , as datas serán entre o mes de decembro e o mes de febreiro.			
ROCODROMO INDOORWALL	aída a Santiago de Compostela , datas durante o segundo trimestre			
CELEBRACIÓN DO DÍA DA DISCAPACIDADE	elebración dunhas xornadas sobre diversidade cunha mesa redonda e unha carreira de obstáculos, virán varias asociacións e colexios. CEE Navalon, Aspamite, Down Compostela entre outros			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
CELEBRACIÓN DO DÍA DA ACTIVIDADE FÍSICA	onsistirá nunha carreira solidaria e participará, todo o centro desde infantil a 4º da ESO, con diferentes distancias por cursos			
ROTEIROS ECOLÓXICO DIDÁCTICOS	Unha das rutas podería ser Camelle-Laxe ou outra ruta similar			
ACTIVIDADE DE VELA	Realizarase no terceiro trimestre, no Porto do Freixo			
XORNADA DE PROMOCIÓN DE DISTINTOS DEPORTES	Esgrima, Bádminton, Fútbol Gaélico etc			
CONFERENCIAS IMPARTIDAS POR DISTINTOS ESPECIALISTAS	Deportistas de alto nivel, nutricionistas, especialistas 061, Asociacións de persoas con discapacidade			
NOVA JUMP	SAÍDA a Santiago de Compostela, so longo do curso			
OBRADOIROS DE NUTRICIÓN	No propio centro e fora da contorna			
XOGADE	participación en diferentes competicións dentro del Programa Xogade			

Observacións:

Todas os obxetivos propostos, non só empregamos as clases, senón tamén tódalas actividades complementarias e extraescolares que se adxuntan, xa que somos conscientes da limitación que para nos supón a escasez de horas de clase, por isto tamén utilizamos as clases como un elemento de introducción e fomento do interese do propio alumnado, que será quen teña que crear un plan de prioridades para a súa vida futura a raíz do que nos sexamos capaces de proporcionarlle en tan pouco tempo.

Todas esta actividades poderán verse modificadas segundo as circunstancias do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE.
TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.
DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE.
INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN.

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe, e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros

e compañeiras docentes). Nesta proposta poden surpimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Farase un análise dos resultados obtidos na avaliación final.

TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UD como a programación xeral.

DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase.

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE:

Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN:

Mediante unha listaxe de control avaliarase si alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais o alumnado terá unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Propóñese facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.
- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.
- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Física e química	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A física e a química abranguen un eido do coñecemento imprescindible para a comprensión da realidade circundante dende un punto de vista científico e analítico, creando unha actitude crítica fronte aos desafíos sociais e tecnolóxicos aos que nos enfrentamos no día a día.

Asemade, a materia pretende servirse das matemáticas como ferramenta aplicable a propósitos menos abstractos dos que habitualmente percibe o alumno fronte ás operacións de cálculo e, por suposto, axudar a comprender a evolución do ser humano da man da ciencia: a argumentación, non só matemática senón tamén verbal, será a canle pola que circule a materia, poñendo de relevancia as achegas de grandes científicos ao longo da Historia á mellora das condicións de vida de todos nós. As novas tecnoloxías e o traballo en equipo no laboratorio, xogarán un papel decisivo no binomio aprendizaxe-comunicación dos rapaces, dotándoos de ferramentas para incentivar o seu espírito investigador e, polo tanto, emprendedor.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e relacionar os motivos polos que ocorren os principais fenómenos fisicoquímicos da contorna, explicándoos en termos das leis e teorías científicas adecuadas para resolver problemas co fin de aplicalas para mellorar a realidade próxima e a calidade da vida humana.	1		1-2-4		4			
OBX2 - Expresar as observacións realizadas polo alumnado en forma de preguntas, formulando hipóteses para explicalas e demostrando estas hipóteses a través da experimentación científica, a indagación e a procura de evidencias, para desenvolver os razoamentos propios do pensamento científico e mellorar as destrezas no uso das metodoloxías científicas.	1-3		1-2	1	4		1	3
OBX3 - Manexar con soltura as regras e as normas básicas da física e da química no referente á linguaxe da IUPAC, á linguaxe matemática, ao emprego de unidades de medida correctas, ao uso seguro do laboratorio e á interpretación e produción de datos e información en diferentes formatos e fontes, para recoñecer o carácter universal e transversal da linguaxe científica e a necesidade dunha comunicación fiable en investigación e ciencia entre diferentes países e culturas.			4-5	3	2	1		2-4
OBX4 - Utilizar de forma crítica, eficiente e segura plataformas dixitais e recursos variados, tanto para o traballo individual coma en equipo, para fomentar a creatividade, o desenvolvemento persoal e a aprendizaxe individual e social, mediante a consulta de información, a creación de materiais e a comunicación efectiva nas diferentes contornas de aprendizaxe.	2-3		4	1-2	3		3	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Utilizar as estratexias propias do traballo colaborativo, potenciando o crecemento entre iguais como base emprendedora dunha comunidade científica crítica, ética e eficiente, para comprender a importancia da ciencia na mellora da sociedade, as aplicacións e repercusións dos avances científicos, a preservación da saúde e a conservación sostible do medio ambiente.	5	3	3-5	3	3	3	2	
OBX6 - Comprender e valorar a ciencia como unha construción colectiva en continuo cambio e evolución, na que non só participan as persoas dedicadas a ela, senón que tamén require dunha interacción co resto da sociedade, para obter resultados que repercutan no avance tecnolóxico, económico, ambiental e social.			2-5	4	1-4	4		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Magnitudes e unidades. Sistema Internacional.	-Definición dos conceptos de magnitude e unidade. -Principais unidades do S.I. -Cambios de escala empregando factores de conversión. -Notación científica.	13	15	X		
2	Método científico.	-Descrición do método científico. -Aplicación experimental do método científico no laboratorio.	12	4	X		
3	Estados de agregación. Gases.	-Descrición dos distintos estados de agregación. -Cambios de estado. -Leis dos gases.	13	15	X		
4	Sistemas materiais. Disolucións.	-Substancias puras, mesturas e coloides. -Disolucións: descrición teórica e práctica.	12	15		X	
5	Estrutura atómica e molecular. Reaccións químicas.	-Composición atómica e molecular da materia. -Reaccións químicas: estudo teórico e práctico.	13	15		X	
6	Cinemática.	-Definición de movemento: posición, velocidade e aceleración. -Distintos tipos de movemento: estudo matemático e gráfico.	12	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Cinemática.	-Estudo experimental do movemento.	12	12		X	
7	Dinámica.	-Definición de forza: causas e efectos. -Estudo experimental das forzas: lei de Hooke e forza de rozamento estática.	13	13			X
8	Enerxía	-Definición do concepto de enerxía. -Distintos tipos de enerxía. Enerxía mecánica. -Conservación da enerxía. -Fontes de enerxía. -Comprobación experimental da conservación da enerxía: práctica calorimétrica.	12	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Magnitudes e unidades. Sistema Internacional.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, os símbolos químicos das substancias máis importantes, así como as ferramentas matemáticas adecuadas, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A linguaxe científica: unidades do sistema internacional e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
2	Método científico.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Seleccionar, de acordo coa natureza das cuestións que se traten, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter conclusións e respostas axustadas á natureza da pregunta formulada.	Seleccionar, de acordo coa natureza das cuestións que se traten, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formulada	TI	100
CA1.2 - Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses, sendo coherente co coñecemento científico existente e deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas ou comprobalas.	Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses		
CA1.4 - Poñer en práctica as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do medio ambiente e o coidado das instalacións.	Poñer en práctica as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química		
CA1.5 - Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, con respecto cara aos docentes e cara aos estudantes e analizando criticamente as achegas de cada participante.	Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais		
CA1.6 - Traballar de forma adecuada e versátil con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con criterio as fontes máis fiables e adecuadas e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	Traballar de forma adecuada e versátil con medios variados, tradicionais e dixitais		
CA1.7 - Establecer interaccións construtivas e coeducativas emprendendo actividades de cooperación como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia.	Establecer interaccións construtivas e coeducativas		
CA1.8 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos que involucren o alumando na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada		
CA1.9 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia, que este é un proceso en permanente construción e que existen repercusións mutuas da ciencia actual coa tecnoloxía, coa sociedade e co medio ambiente.	Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxías propias da investigación científica: identificación e formulación de cuestións, elaboración de hipóteses e comprobación experimental destas. - Traballo experimental e proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e no desenvolvemento de investigacións mediante, a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións.

Contidos

- Contornas e recursos de aprendizaxe científica, como o laboratorio ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas.
- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao medio ambiente.
- Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria.
- Valoración da cultura científica e do papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química para o avance e a mellora da sociedade.

UD	Título da UD	Duración
3	Estados de agregación. Gases.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais cotiáns, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais cotiáns		
CA2.2 - Resolver os problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolver os problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas	PE	75
CA2.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados cos sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados cos sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación		
CA2.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a sistemas materiais e á súa composición, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a sistemas materiais e á súa composición	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Teoría cinético-molecular: aplicación a observacións sobre a materia explicando as súas propiedades, os estados de agregación, os cambios de estado e a formación de mesturas e disolucións.

UD	Título da UD	Duración
4	Sistemas materiais. Disolucións.	15

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais cotiáns, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais cotiáns	PE	60
CA2.2 - Resolver os problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolver os problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas		
CA2.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados cos sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados cos sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación	TI	40
CA2.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a sistemas materiais e á súa composición, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a sistemas materiais e á súa composición		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Experimentos relacionados cos sistemas materiais: coñecemento e descrición das súas propiedades, a súa composición e a súa clasificación.

UD	Título da UD	Duración
5	Estrutura atómica e molecular. Reaccións químicas.	15

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Resolver os problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolver os problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas	PE	40
CA2.5 - Utilizar adecuadamente os símbolos químicos dos elementos e substancias comúns máis importantes facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	Utilizar adecuadamente os símbolos químicos dos elementos e substancias comúns máis importantes		
CA5.2 - Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos		
CA2.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais cotiáns, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais cotiáns	TI	60
CA2.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados cos sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados cos sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación		
CA2.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a sistemas materiais e á súa composición, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a sistemas materiais e á súa composición		
CA5.1 - Identificar, comprender e explicar cambios físicos e químicos cotiáns a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Identificar, comprender e explicar cambios físicos e químicos cotiáns		
CA5.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados cos cambios físicos e químicos a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados cos cambios físicos e químicos		
CA5.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Nomenclatura: participación dunha linguaxe científica común e universal a través da interpretación das fórmulas químicas dalgúns compostos binarios de importancia e o coñecemento dos símbolos dos principais elementos químicos. - Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen. - Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: explicación das relacións da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade.

UD	Título da UD	Duración
6	Cinemática.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos cotiáns relacionados con movementos, así como coas forzas e os seus efectos, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Identificar, comprender e explicar fenómenos cotiáns relacionados con movementos	PE	40
CA4.2 - Resolver problemas sobre movementos e sobre forzas e os seus efectos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolver problemas sobre movementos		
CA4.3 - Recoñecer e describir na contorna inmediata situacións problemáticas reais de índole científica e emprender iniciativas nas que a ciencia e, en particular, a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	Recoñecer e describir na contorna inmediata situacións problemáticas reais de índole científica	TI	60
CA4.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con movementos, así como as forzas e os seus efectos, a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con movementos		
CA4.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico relativa a movementos e a forzas e os seus efectos, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico relativa a movementos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Análise de movementos sinxelos a partir dos conceptos da cinemática, formulando hipóteses comprobables sobre valores futuros das magnitudes implicadas e validándoas a través do cálculo numérico, da interpretación de

Contidos
- gráficas ou do traballo experimental.

UD	Título da UD	Duración
7	Dinámica.	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos cotiáns relacionados con movementos, así como coas forzas e os seus efectos, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Identificar, comprender e explicar fenómenos cotiáns relacionados coas forzas	PE	40
CA4.2 - Resolver problemas sobre movementos e sobre forzas e os seus efectos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolver problemas sobre movementos e sobre forzas e os seus efectos		
CA4.3 - Recoñecer e describir na contorna inmediata situacións problemáticas reais de índole científica e emprender iniciativas nas que a ciencia e, en particular, a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	Recoñecer e describir na contorna inmediata situacións problemáticas reais de índole científica	TI	60
CA4.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con movementos, así como as forzas e os seus efectos, a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionado coas forzas		
CA4.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico relativa a movementos e a forzas e os seus efectos, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico relativa a forzas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As forzas como axentes de cambio: efectos das forzas, tanto no estado de movemento ou de repouso dun corpo coma na produción de deformacións. - Aplicación das leis de Newton: observación de situacións cotiás ou de laboratorio que permiten entender como se comportan os sistemas materiais ante a acción das forzas e predicir os efectos destas en situacións cotiás e de seguridade viaria. - Fenómenos gravitatorios, eléctricos e magnéticos: experimentos sinxelos que evidencian a relación coas forzas da natureza.

UD	Título da UD	Duración
8	Enerxía	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa enerxía	PE	60
CA3.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa enerxía utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa enerxía		
CA3.5 - Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos os cidadáns.	Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade		
CA3.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa enerxía e as súas manifestacións a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa enerxía	TI	40
CA3.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á enerxía e ás súas transferencias nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á enerxía e ás súas transferencias		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A enerxía: formulación de cuestións e hipóteses sobre a enerxía, propiedades e manifestacións que a describan como a causa de todos os procesos de cambio. - Deseño e comprobación experimental de hipóteses relacionadas co uso doméstico e industrial da enerxía nas súas distintas formas e as transformacións entre elas. - Elaboración fundamentada de hipóteses sobre o medio ambiente e a sostibilidade a partir das diferenzas entre fontes de enerxía renovables e non renovables. - Efectos da calor sobre a materia: análise dos efectos e aplicación en situacións cotiás.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Rematadas as clases expositivas, o profesor distribuirá a carga de traballo das correspondentes unidades didácticas. Esta abrangue o traballo tanto individual no caso das probas escritas, como colectivo no caso dos traballos no laboratorio e/ou na aula de informática. Este tipo de organización metodolóxica fomentará de xeito alternativo a autonomía do alumno e a súa capacidade para resolver problemas traballando en equipo co resto de compañeiros.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos: aula física, aula virtual, laboratorio e aula de informática.
Material: o alumno disporá de caderno e calculadora científica. O profesor porá á súa disposición fotocopias e material audiovisual fornecido a través da aula virtual. Non se traballará con libro de texto.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No inmediato comezo do curso o profesor fará unha proba de avaliación inicial que abrangue contidos conceptuais como matemáticos para testar o nivel da aula e tomar o antes posible calquera medida de atención individualizada ou colectiva que precise o grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	13	12	13	12	13	12	13	12	100
Proba escrita	100	0	75	60	40	40	40	60	52
Táboa de indicadores	0	100	25	40	60	60	60	40	48

Criterios de cualificación:

Os criterios que se seguirán para establecer a cualificación numérica en cada avaliación parcial son os seguintes:

- Como norma xeral avaliaranse, polo menos, dúas unidades didácticas por trimestre perante probas que poden ser tanto escritas (exames tradicionais e traballos de investigación), como prácticas (prácticas de laboratorio).
- A nota destas unidades didácticas será entre 0 e 10 acorde ao epígrafe 3.3.
- É necesario ter como mínimo unha nota de 5 en cada unha das unidades didácticas para obter avaliación positiva.
- Os erros nas unidades e nas operacións sanciónanse cun 20% do apartado.
- En cada UD realizarase unha proba de rexistro para que o alumnado plasme os coñecementos e destrezas adquiridos durante a mesma. Esta proba de rexistro só será tida en conta na avaliación final do curso tal e como se recolle máis abaixo.

- Farase unha media ponderada segundo do epígrafe 3.3 das cualificacións obtidas en ditas unidades didácticas aplicándose os criterios de redondeo estándar.
- Non se aprobará unha avaliación cunha nota inferior a 5.

Os criterios que se seguirán para establecer a cualificación numérica de final de curso son os seguintes:

- A final de curso tirarase unha primeira nota (N1) da media ponderada de todas as UD desenvolvidas segundo do epígrafe 3.3 aplicándose os criterios de redondeo estándar, e unha segunda nota (N2) da media ponderada das probas de rexistro realizadas ao longo do curso. A nota final tirarase segundo da seguinte operación:
NOTA FINAL = $N1 + N2$ (ata un máximo de 10)
- Considérase superado o curso cunha nota igual ou superior a 5.

Criterios de recuperación:

Criterios de recuperación:

- Na avaliación en curso, cada proba avaliable incluírá un bloque de preguntas de recuperación da proba anterior para permitir ao alumnado suspenso recuperar a mesma. Se o alumno supera >80% da proposta, substituirá automaticamente a nota da proba suspensa por un 5.
- Ao remate de cada avaliación proporase unha proba de recuperación que abrangue os mínimos esixibles das unidades didácticas suspensas. Dado que non incluírá todos os criterios de avaliación, de ser a nota superior a 5, aplicaráselle á nota un factor corrector de $NOTA/2+2,5$ e esa será a nota que figure como nota da unidade didáctica.
- De non superarse a materia a final de curso, propoñerase unha última proba escrita de recuperación global da materia tirada a partir dos mínimos esixibles. Dado que non incluírá todos os criterios de avaliación do curso, de ser a nota superior a 5, aplicaráselle un factor corrector de $NOTA/2+2,5$ e esta será a nota que figure na avaliación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non ha lugar.

6. Medidas de atención á diversidade

Garantírase a adecuada atención á diversidade no marco do modelo de Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA). Por tanto, desenvolverase o currículo atendendo aos tres principios fundamentais que guían o DUA:

- Proporcionar múltiples formas de representación.
- Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.
- Proporcionar múltiples formas de implicación.

I. Proporcionar múltiples formas de representación.

PAUTA 1. Percepción.

- 1.1.- Ofrecendo diferentes formas de presentación. (Uso de materiais dixitais cuxa presentación poida ser personalizada).
- 1.2.- Ofrecendo alternativas á información auditiva. (Transcricións escritas, subtítulos, gráficos, énfases, etc.).
- 1.3.- Ofrecendo alternativas á información visual. (Proporcionar descricións).

PAUTA 2. Linguaxe, expresións matemáticas e símbolos.

- 2.1.- Clarificando vocabulario e símbolos. (Pre-ensinar o vocabulario e os símbolos, proporcionar descricións de texto alternativas aos mesmos, etc.).
- 2.2.- Clarificando sintaxe e estruturas. (Clarificar a sintaxe non familiar a través de alternativas tales como estruturas previas, modelos moleculares, mapas conceptuais, etc.).
- 2.3.- Facilitando a descodificación de textos, notacións matemáticas e símbolos. (Permitir o acceso a representacións múltiples de notación; por exemplo, fórmula e modelo molecular).
- 2.4.- Promovendo a comprensión entre diferentes idiomas. (Facer que a información clave estea dispoñible en varias

linguas, utilizar tradutores).

2.5.- Ilustrando a través de múltiples medios. (Utilizar representacións simbólicas para conceptos clave).

PAUTA 3. Comprensión.

3.1.- Activando ou substituíndo coñecementos previos. (Utilizar organizadores como mapas conceptuais, métodos KWL, etc.).

3.2.- Destacando ideas principais e relacións.

3.3.- Guiando o procesamento da información, a visualización e a manipulación. (Eliminar elementos distractores, proporcionar múltiples formas de aproximarse ao obxecto de estudo).

3.4.- Maximizando a transferencia e a xeneralización. (Integrar ideas novas dentro de contextos xa coñecidos, proporcionar situacións que permitan a xeneralización da aprendizaxe).

II. Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.

PAUTA 4. Interacción física.

4.1.- Variando métodos para resposta e navegación. (Proporcionar alternativas para dar respostas físicas).

4.2.- Optimizando o acceso ás ferramentas e os produtos e tecnoloxías de apoio. (Proporcionar acceso a teclados alternativos).

PAUTA 5. A expresión e a comunicación.

5.1.- Usando múltiples medios de comunicación. (Resolver problemas utilizando distintas estratexias, utilizar redes sociais, etc.).

5.2.- Usando múltiples ferramentas para a construción e a composición. (Usar correctores ortográficos, proporcionar calculadoras, páxinas web de formulación, etc.).

PAUTA 6. As funcións executivas.

6.1.- Guiando o establecemento adecuado de metas. (Poñer exemplos de procesos e definición de metas, proporcionar apoios para estimar a súa consecución, visualizar as metas, etc.).

6.2.- Apoiando a planificación e o desenvolvemento de estratexias. (Usar freos cognitivos, chamadas a parar e pensar, revisar portafolio ou similares, proporcionar listas de comprobación para establecer prioridades, etc.).

6.3.- Facilitando a xestión de información e recursos. (Proporcionar organizadores gráficos para recollida e organización de información).

6.4.- Aumentando a capacidade para facer un seguimento dos avances. (Facer preguntas guía, mostrar representacións dos progresos, proporcionar modelos de autoavaliación, etc.).

III. Proporcionar múltiples formas de implicación.

PAUTA 7. Opcións para captar o interese.

7.1.- Optimizando a elección individual e a autonomía. (Proporcionar ao alumnado posibilidades de elección no contexto ou contidos utilizados para a avaliación das competencias, das ferramentas para recoller e producir información, das secuencias e tempos para completar as tarefas, etc.).

7.2.- Optimizando a relevancia, o valor e a autenticidade. (Deseñar actividades e propoñer fontes de información para que poidan ser personalizadas, socialmente relevantes, culturalmente significativas, actividades con resultados comunicables, que permitan a investigación, que fomenten o uso da imaxinación, etc.).

7.3.- Minimizando a inseguridade e as distraccións. (Crear un clima de apoio, reducir os niveis de incerteza creando rutinas de clase, variando os niveis de estimulación sensorial para que a aprendizaxe poida ter lugar).

PAUTA 8. Opcións para manter o esforzo e a persistencia.

8.1.- Resaltando a relevancia das metas. (Pedir ao alumnado que formule o obxectivo de forma explícita, fomentar a división de metas en obxectivos a curto prazo, involucrar aos alumnos e as alumnas en debates de avaliación, etc.).

8.2.- Variando as esixencias e os recursos para optimizar os desafíos. (Diferenciar o grao de complexidade con que poden completar as tarefas, proporcionar ferramentas alternativas, facer fincapé no proceso, etc.).

8.3.- Fomentando a colaboración e a comunidade. (Crear grupos cooperativos, proporcionar indicadores para pedir apoio a compañeiros e compañeras, fomentar as oportunidades de interacción, etc.).

8.4.- Utilizando o feedback orientado cara á excelencia nunha tarefa. (Proporcionar feedback que saliente o esforzo, que sexa informativo e non competitivo, que fomente a perseveranza, etc.).

PAUTA 9. Opcións para a autorregulación.

9.1.- Promovendo expectativas e crenzas que optimicen a motivación. (Proporcionar avisos, listas, rúbricas que se

centren en obxectivos de autorregulación, proporcionar apoios que modelen o proceso para establecer metas persoais, apoiar actividades que propicien a autoreflexión, etc.).

9.2.- Facilitando estratexias e habilidades para afrontar problemas da vida cotiá. (Proporcionar modelos para xestionar a frustración e buscar apoios emocionais, manexar adecuadamente as fobias, usar situacións reais para demostrar habilidades e para afrontar os problemas, etc.) .

9.3.- Desenvolvendo a auto-avaliación e a reflexión. (Desenvolver actividades que inclúan medios que permitan ao alumnado obter feedback que favorezan o recoñecemento do progreso e permitan controlar os cambios na conduta dos alumnos e as alumnas).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión/expresión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual		X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital		X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social		X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade		X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Ao longo do curso potenciarase a comprensión e a expresión tanto lectora como oral e, por suposto, escrita, dando pé a que o alumnado desenvolva as súas capacidades comunicativas, empregando ademais dos medios tradicionais as plataformas audiovisuais e dixitais. O traballo en equipo tanto no laboratorio como na aula de informática, fomentará o emprendemento social á hora de desenvolver propostas de traballo prácticas e de investigación. Nestes eidos, fomentarase de xeito continuo a igualdade entre compañeiros. O espírito crítico, será unha constante no desenvolvemento da materia para aprender a conxugar o desenvolvemento científico co seu impacto sobre a nosa contorna.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades didácticas varias	Saídas didácticas con visitas a museos e/ou instalacións comerciais	X	X	
Feira científica	Realización dunha feira científica para expoñer os experimentos desenvolvidos ao longo do curso.			X

Observacións:

Sempre que se prepare con antelación, poderanse realizar actividades ou saídas tales como, conferencias, obradoiros, visitas a museos, exposicións temporais, etc, ou calquera outra saída ou actividade de interese que poida xurdir ao longo do curso. Poderá acordarse xunto con outros departamentos a realización dunha feira científica no terceiro trimestre ou actividades similares.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Desenvolvemento temporal da programación
Resultados académicos acadados
Metodoloxía empregada
Adecuación de contidos e actividades ao contexto socioacadémico
Adecuación dos instrumentos de avaliación ao contexto socioacadémico
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Grao de aproveitamento do laboratorio
Grao de aproveitamento da aula de informática
Medidas de atención á diversidade
Grao de aproveitamento das medidas de atención á diversidade
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación co resto do profesorado

Descrición:

ITEMS

- Desenvolvemento temporal da programación: en función das UDzs desenvolvidas
·1 (<50%) 2 (50%-60%) 3 (60%-90%) 4 (>90%)
- Adecuación de contidos e actividades ao contexto socioacadémico: en función da porcentaxe de alumnos que son quen de os asimilar/desenvolver con normalidade
·1 (<50%) 2 (50%-60%) 3 (60%-90%) 4 (>90%)
- Adecuación dos instrumentos de avaliación ao contexto socioacadémico: en función da porcentaxe de alumnos que son quen de os superar con normalidade
·1 (<50%) 2 (50%-60%) 3 (60%-90%) 4 (>90%)
- Resultados académicos acadados: en función da porcentaxe de alumnos aprobados
·1 (<50%) 2 (50%-60%) 3 (60%-90%) 4 (>90%)
- Grao de aproveitamento das medidas de atención á diversidade: en función da porcentaxe das medidas adoptadas que amosan resultado positivo logo da súa implementación no alumnado que precisa delas
·1 (<50%) 2 (50%-60%) 3 (60%-90%) 4 (>90%)
- Grao de aproveitamento do laboratorio: en función da porcentaxe de alumnos capaces de desenvolver con normalidade as prácticas no mesmo

·1 (<50%) 2 (50%-60%) 3 (60%-90%) 4 (>90%)

7. Grao de aproveitamento da aula de informática: en función da porcentaxe de alumnos capaces de desenvolver con normalidade as prácticas na mesma

·1 (<50%) 2 (50%-60%) 3 (60%-90%) 4 (>90%)

8. Coordinación co resto do profesorado:

·1 (NON SATISFACTORIA) 2 (ACEPTABLE) 3 (SATISFACTORIA) 4 (EXCELENTE)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Alén das observacións tiradas no desenvolvemento das distintas UDís e mais das reunións de departamento, que permitan corraxir sobre a marcha as posibles eivas detectadas nos indicadores de logroao longo do curso, farase unha valoración global ao final do mesmo para propoñer cambios a futuro na presente programación.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	31

1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos sublíñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,

audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 2º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

- Na variedade está o gusto: unidade centrada na comparación dos trazos das principais variedades dialectais do castelán. O obxectivo será promover a concienciación sobre a riqueza que supón a diversidade no ámbito das linguas e sobre a necesidade de combater todo tipo de prexuízos neste eido.
- Palabra e pedra solta non teñen volta: Esta unidade didáctica está centrada na palabra. Trataremos os procedementos de adquisición e formación de novas palabras, as relacións semánticas entre palabras, os seus valores denotativos e connotativos segundo o contexto, e os cambios nos significados, etc.
- Cuento de Navidad: esta unidade abordará o estudo das principais características formais e temáticas do xénero narrativo a partir da lectura e análise das semellanzas e diferenzas dunha escolma de contos procedentes da narrativa universal actual e extraídos da biblioteca escolar.
- Na casa do ferreiro, coitelo de pau: Esta unidade estará dedicada á expresión e á comprensión adecuada dos textos expositivos, xa que estes teñen unha presenza constante na actividade académica. Esta tipoloxía textual é esencial na transmisión do saber humano e, de feito, é o vehículo principal da información científica, técnica, humanística, etc. Este é o motivo de que se lle dedique unha unidade didáctica.
- Falando enténdese a xente: Como o ser humano é, por natureza, un ser social que se relaciona a través do intercambio de información, dedicaremos esta unidade aos textos dialogados (conversas, debates, entrevistas, chats...) e á súa adecuada produción e comprensión, tanto oral como escrita.
- O teatro é poesía que sae do libro para facerse humana: esta unidade didáctica dedicárase ao recoñecemento dos vínculos e retroalimentacións entre os diversos xéneros literarios e outras manifestacións artísticas afíns.
- A novos tempos, novos costumes: Nesta unidade, imos analizar a lingua nas situacións comunicativas reais máis habituais na actualidade, tendo en conta os factores contextuais que a condicionan.
- Poemas elásticos e cadáveres exquisitos: Esta unidade didáctica orientarase cara o estudo das características do xénero lírico, afondando na importancia dos seus recursos expresivos e na construción da linguaxe poética como medio para crear beleza artística e como canle de comunicación de mensaxes e sentimentos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	En la variedad está el gusto	A comparación dos trazos das principais variedades dialectais do castelán será o punto de partida para promover a concienciación sobre a riqueza que supón a diversidade no ámbito das linguas e sobre a necesidade de combater todo tipo de prexuízos neste eido. Co obxectivo de lograr unha sociedade máis inclusiva, tamén realizaremos unha aproximación ás linguas de signos.	10	10	X		
2	Palabra e pedra solta non teñen volta	Esta unidade didáctica está centrada na palabra: os procedementos de adquisición e formación de novas palabras, a utilización de afixos para a mudanza de categoría, as	20	21	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Palabra e pedra solta non teñen volta	<p>relacións semánticas entre palabras, os seus valores denotativos e connotativos segundo o contexto, e os cambios nos significados...</p> <p>Tamén traballaremos a distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas), e estudaremos a relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple.</p>	20	21	X		
3	Cuento de Navidad	<p>Esta unidade didáctica abordará o estudo das principais características formais e temáticas do xénero narrativo a partir da lectura e análise das semellanzas e diferenzas dunha escolma de contos procedentes da narrativa universal actual e extraídos da biblioteca escolar. Cada alumno/a escollerá un texto, que ha de examinar coa axuda dunha guía de lectura proporcionada polo profesor/a. A continuación, proxectaranse e comentaranse en clase os anuncios da lotaría de Nadal dos últimos anos, que posúen unha estrutura semellante á dun conto e revisarase o seu contido, establecendo as súas similitudes co texto literario. Como proxecto final, o alumnado organizarase en pequenos grupos para elaborar un relato audiovisual inspirado no Nadal, que se visualizará e exporá na aula. O resto dos compañeiros/as actuará como un comité de críticos que se encargará de valorar o produto final, proporcionando suxestións de mellora e redactando as recensións que se incluírán no boletín literario da clase.</p>	10	10	X		
4	Na casa do ferreiro, coitelo de pau	<p>O uso dos textos expositivos na actividade académica é constante: un libro de texto, os apuntamentos, os exames son claros exemplos.</p> <p>Malia iso, non lle dedicamos moito tempo ao estudo deste tipo de discurso mediante o cal un emisor pretende presentar un determinado tema a un receptor de forma clara e ordenada, para dalo a coñecer e facer que o comprenda. A súa elaboración require un coñecemento suficiente da cuestión tratada e esixe un desenvolvemento progresivo e articulado das ideas.</p> <p>Trátase dunha tipoloxía textual esencial na transmisión do saber humano e, de feito, é o vehículo principal da información científica, técnica, humanística etc. Por iso, imos dedicar esta unidade didáctica á</p>	15	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Na casa do ferreiro, coitelo de pau	expresión e á comprensión adecuada dos textos expositivos.	15	12		X	
5	Falando enténdese a xente	O ser humano é, por natureza, un ser social, que necesita constantemente relacionarse coa súa contorna. Para ese intercambio de información, os textos dialogados son dos máis utilizados (conversas, debates, entrevistas, chats...) e imos practicar nesta unidade a súa adecuada produción e comprensión tanto oral como escrita.	15	15		X	
6	El teatro es poesía que sale del libro para hacerse humana	Esta unidade didáctica dedicarase ao recoñecemento dos vínculos e retroalimentacións entre os diversos xéneros literarios e outras manifestacións artísticas afíns. A partir da lectura da novela gráfica Persépole e da visualización da representación teatral inspirada nela, El cuento de Persépolis, o alumnado participará nun coloquio arredor dos principais eixos temáticos da peza: as consecuencias das desigualdades sociais relacionadas especialmente co universo feminino. A continuación, a clase dividirase en pequenos grupos de traballo para realizar proxectos de investigación como a elaboración dun catálogo literario de obras escritas por mulleres que denunciaron a súa constante falta de dereitos, a creación dun cómic inspirado na obra literaria, o deseño dun guion teatral arredor do mesmo texto, a análise comparativa entre o contido de Persépole e o artigo "Barbie, Batman y Harry Potter, prohibidos en Irán" e a composición dun poema amoroso baseado na relación entre Marjane e Marcus.	10	10		X	
7	A novos tempos, novos costumes	O propósito fundamental da materia é que o alumnado remate a educación secundaria cunha competencia comunicativa apropiada. Para iso, non basta con coñecer as regras sistemáticas da lingua, senón que teñen que afianzar os coñecementos que lles permitan emitir e comprender mensaxes de forma contextualmente adecuada. Desde este enfoque, respectuoso cos fenómenos na súa naturalidade, imos analizar a lingua nas situacións comunicativas reais máis habituais na actualidade, tendo en conta os factores contextuais que a condicionan.	10	15			X
8	Poemas elásticos e cadáveres exquisitos	Esta unidade didáctica orientarase cara o estudo das características do xénero lírico, afondando na importancia dos seus recursos expresivos e na construción da	10	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Poemas elásticos e cadáveres exquisitos	linguaxe poética como medio para crear beleza artística e como canle de comunicación de mensaxes e sentimentos. A través de exemplos seleccionados da lírica actual, onde figuren mostras significativas dos principais subxéneros e modalidades poéticas clásicas e emerxentes, revisaranse co alumnado os mecanismos máis significativos de construción da linguaxe literaria, así como a identificación e valoración crítica dos mesmos. Finalmente, organizarase un obradoiro de escritura creativa distribuído en dous grupos. Un deles dedicarase á composición dunha pequena antoloxía de poemas elásticos, onde será necesario o coñecemento e posta en práctica da simetría na métrica do texto. O outro fará o propio con cadáveres exquisitos, achegándose primeiro ao coñecemento desta iniciativa da corrente surrealista de comezos do século XX.	10	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	En la variedad está el gusto	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España coma das que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Proba práctica na que o alumnado deberá, como mínimo, diferenciar as variedades dialectais do castelán.	PE	60
CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal partindo da análise da diversidade lingüística da contorna.	O alumnado deberá valorar a riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e ser respectuoso coas diferentes linguas e dialectos. Iniciará unha aproximación ás linguas de signos.	TI	40
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, así como a manipulación a través da palabra, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar os elementos verbais e non verbais que resulten discriminatorios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación ás linguas de signos. - Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos.

UD	Título da UD	Duración
2	Palabra e pedra solta non teñen volta	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá ser capaz de identificar as categorías gramaticais predominantes nas diferentes tipoloxías textuais en función do propósito comunicativo.	PE	60
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado identificará as clases de palabras e explicará, como mínimo, a mudanza de categoría gramatical mediante a utilización de afixos. Deberá recoñecer tamén as funcións sintácticas.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá prestar especial atención ás relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.	TI	40
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado deberá facer un uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Mediante a transformación de enunciados, o alumnado incluírá propostas de mellora atendendo á relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir

Contidos

- da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	Cuento de Navidad	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.	PE	55
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En contos literarios sinxelos, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características formais e temáticas presentes neles, valorando o seu efecto sobre o receptor.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de interpretar coa axuda dunha guía de lectura os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual.		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado realizará unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade expositiva e solidez argumentativa as súas achegas arredor dos relatos audiovisuais creados na aula.	TI	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado escollerá un dos textos da narrativa universal actual que integran a escolma proporcionada en clase e expresará de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado será quen de realizar e compartir coa clase a análise dunha obra procedente da narrativa universal actual, empregando unha guía de lectura para expresar as súas conclusións interpretativas.		
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, as condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
7	Pusing limits	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar e analizar o significado global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos medios.	Comprender o sentido global e explícito de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns.	PE	50
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e os coñecementos máis axeitados en situacións comunicativas cotiáns para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.	Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos básicos para comprender o sentido xeral dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.		
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento, tendo en conta a persoa a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para producir textos comprensibles. usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados.	TI	50
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción.	Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles.		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas, , apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal e mostrando respecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación e tomar e ceder a palabra.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas e polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.	Explicar comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por solucionar problemas.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, usando, con axuda, recursos básicos en función das necesidades de cada momento.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.	Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os avances e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas non Portfolio Europeo de Linguas [PEL] ou nunha revista de aprendizaxe).	Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar de forma respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio. - Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas. - Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e

Contidos

- parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersonal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, as condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de exercicios "Network ESO 2. Student's Book" (Burlington Books)
Libro de texto dixital "Network ESO 2. Student's Book" (Burlington Books)
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua
Materiais de consulta de elaboración propia
Recursos audiovisuais auténticos

Recursos DUA
Equipos informáticos
Plataformas virtuais de aprendizaxe
Libros de lectura: "The Secret Garden". Frances Hogson Burnet. Burlington Books. Original readers. ISBN 9789963471225; "Tom Sawyer". Mark Twain. Burlington Books. Original readers. ISBN 978-9963-46-155-4 ; "The Secret of White Mountain". Jack Livingston. Burlington Books. Original readers. ISBN 9789963461530

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo (por exemplo a maleta viaxeira, a tea de araña, two truths and one lie, etc)
2. Cuestionario de lecer e afeccións
3. Proba de nivel
4. Xogo que desenvolva a destreza lingüística oral.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	4	16	16	16	16	16	16	100
Proba escrita	50	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50	50	50	50	50

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación son o resultado da avaliación sumativa expresados en forma numérica. Resume o xuízo do profesor en relación co nivel de logro dos obxectivos previstos na programación didáctica polo tanto, os criterios de cualificación do alumnado serán un conxunto de factores a ter en conta:

1. O alumnado realizará un ou dous tests por trimestre para comprobar a consolidación dos contidos traballados na aula e dos obxectivos marcados. Os contidos dos sucesivos exames son acumulativos, de xeito que se irá repasando a materia de unidades e avaliacións anteriores. A media destas dúas probas supón o 40% da nota total da avaliación (5 puntos). Os tests

recollerán un reading (10%), grammar and vocabulary (10%), writing (10%), e un listening(10%). Ao longo do trimestre tamén poderá haber tests puntuais de verbos ou de vocabulario que poden puntuar neste apartado.

O 60% restante da nota repártese así:

2. O libro de lectura do trimestre, que pode ser traballado na clase pero supón principalmente un traballo individual e autónomo de casa, co dicionario para o estudo do vocabulario novo. A súa valoración é dun 20% da nota da avaliación (2 puntos). Na nota poderase ter en conta os resumos e traballos entregados así como o exame. A lectura do libro proposto é obrigada para acadar unha avaliación positiva. Para fomentar o interese pola lectura en inglés como medio de desenvolver o coñecemento da lingua o profesor poderá propoñer lecturas voluntarias que subirán nota en forma de positivos (0.5 puntos).

3. En cada trimestre haberá como mínimo un proxecto relacionado cos temas das unidades, coa cultura dos países de fala inglesa (países, cidades, persoas famosas, etc.) ou coas festividades típicas dos países de fala inglesa (Halloween, Thanksgiving, Saint valentine etc.) que será valorado cun 20% con un máximo 1 punto. Para a súa cualificación teremos en conta: a pronuncia e habilidade á hora de expoñer en inglés (0.25), a corrección gramatical (0.25), a preparación e traballo reflectido no contido e a información presentados, (0.25) e a orixinalidade e calidade do proxecto (0.25)

4. A nota oral que avaliará o profesor da materia xunto coa auxiliar de conversación valerá un 10% da nota total (1 punto). Esta nota derivase da observación da práctica oral na clase e dunha proba que pode consistir na preparación dun roleplay, na discusión dun tema traballado na clase, nunha presentación oral en inglés, ou outras actividades similares. A falta de participación e actitude positiva nas actividades orais ou a utilización da lingua materna cando se realiza a práctica oral en inglés conlevará unha penalización de -0.25 na nota de speaking da avaliación. O alumnado deberá facer o esforzo de expresarse en inglés para mellorar.

5. A participación activa na clase, o estudo e a realización das tarefas en casa e na clase controladas a diario polo profesor, que son de obrigado cumprimento suporán o 10% da nota. Os exercicios escritos recollidos e corrixis polo profesor (redaccións, cartas, resumos de películas ou libros, etc.) serán avaliados neste apartado. A non realización destes traballos será penalizado cun 0.2 menos. Tamén se ten en conta neste apartado a

realización dos deberes diarios (homework), cuxo incumprimento será penalizado cun negativo (-0.1).

6. Verbos irregulares. En 2º débese asegurar a aprendizaxe deste elemento fundamental ao longo do curso. A nota dos controis repercutirá na nota dos exames escritos da avaliación. Cunha nota infeiror a 5 non se superará o control e reducirá a nota da avaliación en 0,5 puntos. Cunha nota entre 5 e 8 non repercutirá na nota. Os alumnos que superen os controis cunha media de 8 ou máis terán unha bonificación de 0.5. Se é preciso estes tests poderanse repetir ao longo do curso.

7. A participación en actividades relacionadas coa cultura dos países de fala inglesa en colaboración co departamento de actividades complementarias e extraescolares (Halloween, Christmas, St Valentine, teatro, etc.) valorarase en forma de positivos ata 0.5.

Dado que a lingua estranxeira é unha materia de contidos progresivos non haberá recuperación de avaliacións suspensas. Unha avaliación suspensa recupérase aprobando a seguinte do mesmo xeito que se pode suspender todo en xuño se non se fai un estudio continuado. Polo tanto para superar a materia na avaliación final ordinaria o alumnado deberá superar a terceira avaliación cun 5 e acadar na media das tres avaliacións un mínimo de 5. Para ter en conta o progreso ao longo do curso a media será ponderada, de xeito que a primeira e segunda avaliación contarán 25% da nota final cada unha e a terceira 50%. As cualificacións finais redondearanse para á alza a partir de 0,5.

Criterios de recuperación:

Con todo, o alumnado que non teña superado a materia nas dúas primeiras avaliacións terá que realizar actividades de recuperación durante a terceira avaliación para facilitar a superación da materia na avaliación final. Estas actividades incluírán actividades de repaso e actividades que non fixeron durante o curso como por exemplo redaccións, presentacións ou controis dos libros de lectura. No caso de que con estas actividades (especialmente no caso de traballos non realizados satisfactoriamente durante o curso) se considere recuperadas as avaliacións correspondentes a nota media para a avaliación final será feita recalculando a nota das avaliacións recuperadas. Se aínda así a media do curso non é suficiente para superar a avaliación final realizarase un exame. No exame de recuperación as porcentaxes quedarán da seguinte maneira: grammar and vocabulary (40%), reading

(20%), writing(20%) e listening(20%). No caso de superar a materia por medio desta recuperación a nota será un 5 independentemente da nota acadada, xa que se trata dun exame de mínimos que non inclúe moitos contidos avaliados ao longo do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente de cursos anteriores deberá seguir un programa de recuperación e reforzo dirixido polo xefe de departamento e levado a cabo polo profesor que lle dea clase.

O reforzo consistirá en elaborar un material fotocopiado ou utilizar o proposto polo libro de texto para abordar os obxectivos mínimos esixibles que se recollerá e sempre dentro dun prazo para ser corrixido e comentado puntualmente co alumnado en cuestión. Terá que ver, na medida do posible, cos contidos mínimos do ano que está a cursar para favorecer a súa integración no curso actual.

Para recuperar a materia pendente de anos anteriores o alumnado ten dúas posibilidades:

- Realizar as tarefas de repaso e recuperación do curso pendente, que incluírán actividades que o alumnado debe facer baixo a supervisión do profesor e tamén probas escritas. A realización das actividades contará un 50% e as probas o restante 50%. Este procedemento de recuperación debe desenvolverse ao longo das tres avaliacións do curso actual e será avaliado coincidindo coas sesións de avaliación.

- Ademais das probas que comprenden a materia do curso pendente, tendo en conta que o inglés é unha materia de contidos progresivos os alumnos/as superarán a materia pendente en todo caso aprobando as avaliacións correspondentes do ano que están cursando.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X				X	X	
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero.			X	X			X
ET.7 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde	X		X			X	X
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.		X	X	X			X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.				X		X	
ET.11 - O emprendemento social e empresarial		X	X	X		X	X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico	X		X				X

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Sesión de teatro ou cinema en inglés	O alumnado terá a oportunidade de gozar dunha obra artística na lingua inglesa, para posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas		X	X
Contacontos en fala inglesa.	O departamento organizará unha sesión de contacontos para fomentar a interculturalidade .		X	X
Proxecto de intercambio lingüístico en plataformas europeas (eTwinning, Erasmus...)	O alumnado terá a ocasión de participar nun intercambio lingüístico con alumnado de outros países	X	X	X

Observacións:

Todas estas actividades poderán verse modificadas segundo as circunstancias do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Metodoloxía empregada
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Fomento a animación a lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.

Clima de traballo na aula
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

O profesorado, ao termo de cada trimestre, responderá a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre

Ás veces

Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	27
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	34

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer progresivamente un uso ético da linguaxe, que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe a seguir avanzando no desenvolvemento de todas as competencias abordadas en primeiro curso.

O CPIP Antonio Orza Couto está situado en Boqueixón, un concello conformado de parroquias e aldeas dispersas que está a uns 16 km. da cidade de Santiago de Compostela. Respecto ás linguas e ao seu uso socio-cultural, especificamente, podemos dicir que a lingua de uso cotiá e maioritaria é o galego, aínda que nos últimos anos percibimos un aumento do uso do castelán entre o alumnado.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais dos obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben traballar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques: O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 2º de ESO, os catro bloques concréntanse en nove unidades didácticas denominadas con nomes de animais. Cada unidade iníciase cunha breve explicación sobre a palabra referida no título, o que non só contribuírá ao coñecemento e á conservación do léxico tradicional deste campo semántico, senón que tamén propiciará a introdución doutras cuestións lingüísticas e extralingüísticas relativas á materia.

Nas primeiras unidades de cada trimestre trataranse contidos de distintos bloques, mentres que a última de cada un deles se dedicará a realizar un proxecto didáctico sobre algún dos aspectos máis singulares ou salientables do nivel.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, e, de ser o caso dalgunhas linguas de procedencia do alumnado.

Tendo en conta este marco, a proposta para o primeiro trimestre consistirá nun proxecto monográfico que xirará arredor do coñecemento das linguas da Península Ibérica e outros idiomas próximos ao alumnado. Entre outras actuacións, elaborárase un glosario multilingüe en formato dixital que incluírá léxico cotián en galego, portugués, castelán, catalán, éuscaro, inglés e/ou francés e, de ser o caso, nas linguas das/os estudantes de procedencia estranxeira (chínés, árabe, ruso, ucraíno...). Tamén se incorporarán, expresións básicas (fórmulas de saúdo, despedida, agradecemento, desculpa etc.) en lingua de signos.

O proxecto do segundo trimestre xirará arredor do libro de lectura obrigatoria (unha obra da narrativa xuvenil actual) e incluírá, entre outras actividades, a elaboración dun cómic en formato electrónico inspirado neste. Para acometer este labor, ademais de realizar un traballo colectivo sobre o cómic en galego (inicios do xénero en Galicia, autoras/es máis salientables, temáticas etc.), o alumnado deberá aprender no obradoiro de banda deseñada as características formais e os elementos constitutivos desta manifestación artística. Logo de rematar a fase de creación, realizarase un vídeo colectivo no que se explique o proceso de creación do cómic.

Xa na terceira avaliación, o alumnado, por parellas ou grupos de tres, deberá gravar un booktráiler ou un booktuber no que se dea a opinión sobre a obra e se recomende a súa lectura. As últimas semanas do curso destinaranse á edición dun boletín informativo que incluírá noticias, entrevistas, crónicas etc. relacionadas co centro, a comunidade educativa e os sucesos máis salientables que aconteceron ao longo de todo o curso. O traballo de redacción destes textos servirá para aprofundar no coñecemento dalgunhas propiedades textuais e dos mecanismos de cohesión (conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste), mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses).

Por último, cómpre salientar que os libros de lectura propostos para cada trimestre deberán abordar temáticas diferenciadas e inserirse en distintos xéneros literarios. No primeiro proporase unha obra narrativa, Mamá quero ser Ziggy Stardust, de Iria Misa; no segundo, unha peza teatral, Dormente, de Raquel Castro, e no terceiro, outra obra narrativa, O que sei do silencio, de Andrea Maceiras; aínda que ao longo do segundo e terceiro trimestre faremos unha escolma e trataremos obras e textos poéticos, así como a figura de Luisa Villalta, poeta e autora á que se lle dedican as Letras Galegas neste 2024.

Por último, debemos ter en conta que a materia de Lingua Galega e Literatura en 2ºESO está dentro do proxecto Edixgal, polo que traballaremos co ordenador como recurso de acceso ao curso virtual, xunto con outro material que proporcionara a docente (esquemas ou actividades en papel), e material de escrita manual. Ademais participaremos,

na medida do posible, nas iniciativas propostas polo centro ou por outras disciplinas e coordinacións e tentaremos incluír partes do noso currículo no desenvolvemento destas actividades.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O longueirón	<p>Logo da avaliación inicial que se realizará os primeiros días do curso, continuarase co coñecemento iniciado en primeiro de ESO dos sistemas ortográficos (grafemas e dígrafos) do galego e do portugués, poñendo o foco agora nas semellanzas e as diferenzas entre ambos os dous sistemas. Os contidos comunicativos xirarán arredor das secuencias narrativas e no emprego de recursos como a deixis. Aproveitaranse os textos relatados para reparar no uso coherente das formas verbais.</p> <p>Introdución ao texto poético e análise dalgúns elementos constitutivos dun poema (a métrica e a rima) a partir dunha escolme de textos actuais.. Algúns subxéneros poéticos como a canción ou a sátira.</p> <p>Finalmente, en canto á reflexión sobre a lingua, afondarase no emprego das regras de acentuación e no acento diacrítico e faremos un percorrido polos nomes das cores.</p>	12	13	X		
2	O lucecú	<p>O estudo dalgúns aspectos socioculturais relacionados con Portugal e outros países lusófonos ocupará as primeiras sesións da unidade (A lusofonía).</p> <p>Non obstante, serán os contidos comunicativos e, en concreto, as secuencias textuais descritivas as que teñan maior protagonismo. Aproveitaranse as descricións propostas para incidir en aspectos ortográficos como o uso dalgúns signos de puntuación, especialmente o punto e coma e a paréntese.</p> <p>En relación á literatura, ademais continuar coa valoración da obra de lectura obrigatoria do primeiro trimestre, afondarase no recoñecemento e análise dalgúns recursos expresivos e figuras estilísticas básicas.</p> <p>A reflexión lingüística centrarase na identificación dos distintos tipos de adverbios (lugar, tempo, modo, cantidade, afirmación, negación e dúbida) e no recoñecemento das interxeccións. Veremos o léxico dos sentimentos e a personalidade.</p>	12	13	X		
3	O sapoconcho	<p>Nesta unidade desenvolverase un proxecto monográfico que xirará arredor do coñecemento das linguas da Península Ibérica e outros idiomas próximos ao</p>	10	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	O sapoconcho	<p>alumnado. Entre outras actuacións, elaborárase un glosario multilingüe en formato dixital que incluírá léxico cotián en galego, portugués, castelán, catalán, éuscaro, inglés e/ou francés. Tamén se incorporarán expresións básicas (fórmulas de saúdo, despedida, agradecemento, desculpa etc.) en lingua de signos. Ademais, realizarase un pequeno traballo sobre a poesía contemporánea escrita en galego, portugués, catalán e éuscaro.</p>	10	12	X		
4	O lagostino	<p>Coñecemento das características e a estrutura de textos propios do ámbito académico (apuntamentos, exposicións orais e escritas, mapas conceptuais). Os contidos literarios xirarán arredor do xénero dramático (xénero do libro de lectura obrigatoria desta avaliación), Aproveitarase este marco para introducir aspectos teóricos relacionados co texto dramático e coa clasificación dos subxéneros (comedia, traxedia, drama). En canto á reflexión sobre a lingua, atenderase especialmente ás relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos; a introdución de tipos de unidades e funcións sintácticas, o léxico dos deportes e faremos referencia á prefixación e sufixación.</p>	11	12		X	
5	A toupa	<p>Análise dos textos que se difunden a través das redes sociais e dos medios de comunicación. A partir da lectura e valoración de entrevistas a persoas que manteñan distintos puntos de vista sobre temas ambientais, o alumnado establecerá un debate no que se defendan e/ou rexeiten distintas posturas. Alén diso traballaremos tamén os textos de opinión e a noticia. Faremos referencia aos conceptos de normalización e normativización e a súa aplicación á realidade da Lingua galega. A reflexión sobre a lingua centrarase nas relacións semánticas (sinonimia, antonimia, polisemia...) e na clasificación das oracións activas (predicativas e atributivas). Veremos o léxico dos medios de comunicación e as siglas e acrónimos. Análise da peza teatral Dormente, de Raquel Castro.. A partir da análise do contido da obra dende unha perspectiva de xénero, estableceranse vínculos entre esta e aspectos da actualidade, así como con</p>	12	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A toupa	outras manifestacións artísticas.	12	11		X	
Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte do profesorado
Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos

Descrición:

Ademáis dos citados indicadores de logro, poderase incluír:

Se a programación se axusta ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión; se a estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais; se está adaptada ás características do

centro e do grupo; se vincula este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa; se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe; se se planificou a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica; se tivo en conta os descritores operativos das competencias clave e buscou o diálogo curricular con outras materias; si é adecuada aos criterios de avaliación.

Se como profesor ou profesora reflexionei e avaliei a miña labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía) cando foi necesario; se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (rúbricas, observación, probas escritas ou orais); se tiven en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas senón ao logro de competencias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens, farase na medida do posible, ao remate de cada situación de aprendizaxe, asegurando que se completou ao finalizar o trimestre. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Tecnoloxía e Dixitalización	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A materia de Tecnoloxía e Dixitalización é necesaria para valorar a achega fundamental da tecnoloxía na sociedade actual e comprender a importancia de utilizala dun xeito crítico, responsable e sostible. Nun mundo cada vez máis dixitalizado, a materia contribúe a mellorar a competencia dixital do alumnado tratando que utilice o gran potencial das ferramentas dixitais, pero sen deixar de lado a seguridade, a ética e o benestar.

O principal eixe do proceso de ensino e aprendizaxe será o desenvolvemento de proxectos que resolvan problemas concretos, aplicando os contidos da materia. Así mesmo incorporaranse as tecnoloxías dixitais e potenciarase o pensamento computacional, coma bases destacables neste proceso. Trátase de que o alumnado traballe coñecementos científicos e técnicos, desenvolvendo ideas e solucións cunha actitude creativa, emprendedora e de cooperación así coma crítica e comprometida coa sostibilidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar e seleccionar a información adecuada proveniente de diversas fontes, de maneira crítica e segura, aplicando procesos de investigación, métodos de análise de produtos e experimentando con ferramentas de simulación, para definir problemas tecnolóxicos e iniciar procesos de creación de solucións a partir da información obtida.	3		2	1-4	4		1	
OBX2 - Abordar problemas tecnolóxicos con autonomía e actitude creativa, aplicando coñecementos interdisciplinarios e traballando de forma cooperativa e colaborativa, para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz, innovadora e sostible.	1		1-3	3	3-5		1-3	
OBX3 - Aplicar de forma apropiada e segura distintas técnicas e coñecementos interdisciplinarios utilizando operadores, sistemas tecnolóxicos e ferramentas, tendo en conta a planificación e o deseño previo para construír ou fabricar solucións tecnolóxicas e sostibles que dean resposta a necesidades en diferentes contextos.			2-3-5	5	1		3	3
OBX4 - Describir, representar e intercambiar ideas ou solucións a problemas tecnolóxicos ou dixitais, utilizando medios de representación, simboloxía e vocabulario axeitados, así como os instrumentos e os recursos dispoñibles, e valorando a utilidade das ferramentas dixitais para comunicar e difundir información e propostas.	1		4	3				3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional e incorporando as tecnoloxías emerxentes, para crear solucións a problemas concretos, automatizar procesos e aplicalos en sistemas de control ou en robótica.		2	1-3	5	5		3	
OBX6 - Comprender os fundamentos do funcionamento dos dispositivos e aplicacións habituais da súa contorna dixital de aprendizaxe, analizando os seus compoñentes e funcións e axustándoos ás súas necesidades para facer un uso máis eficiente e seguro destes e para detectar e resolver problemas técnicos sinxelos.		2		2-4-5	4-5			
OBX7 - Facer un uso responsable e ético da tecnoloxía, mostrando interese por un desenvolvemento sostible, identificando as súas repercusións e valorando a contribución das tecnoloxías emerxentes para identificar as achegas e o impacto do desenvolvemento tecnolóxico na sociedade e na contorna.			2-5	4		4		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Expresión Gráfica: deseño e fabricación		16	24	X		
2	Utilización das TIC no proceso tecnolóxico		20	15	X		X
3	Electricidade i electrónica		16	25		X	X
4	Sistemas de control e robots		16	15		X	X
5	El proceso tecnolóxico		2	2			X
6	Proxecto de taller		8	11			X
7	Documentación de proxectos		8	4			X
8	Programación		14	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Expresión Gráfica: deseño e fabricación	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Diseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos respectando as normas de seguridade e saúde.	Avaliarase con proba escrita que contará un 80% sobre o manexo de software de deseño en 2D e 3D. Deseño de obxectos sinxelos para a súa impresión. Avaliarase cun 5% o traballo diario na aula O traballo na aula coa realización das distintas prácticas contará un 15%	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aplicacións CAD en 2D para a representación de esquemas, circuitos e planos. - Deseño de obxectos sinxelos en 3D. - Fabricación dixital. Deseño e construción de pezas con impresión 3D e/ou corte.

UD	Título da UD	Duración
2	Utilización das TIC no proceso tecnolóxico	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Facer un uso eficiente e seguro dos dispositivos dixitais de uso cotián na resolución de problemas sinxelos coñecendo os riscos e adoptando medidas de seguridade para a protección de datos e equipos.	Manexo de software ofimático Coñecemento do hardware e funcionamento dun ordenador.	PE	80
CA5.4 - Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.	Uso das tecnoloxías da nube e de software ofimático nas prácticas.	TI	20
CA5.5 - Adoptar medidas preventivas para a protección dos dispositivos, dos datos e da saúde persoal, identificando problemas e riscos relacionados co uso da tecnoloxía e facendo unha análise ética e crítica.	Uso correcto dos ordenadores ou dispositivos electrónicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dispositivos dixitais. Elementos do hardware e do software. Identificación e resolución de problemas técnicos sinxelos. - Ferramentas e plataformas de aprendizaxe: configuración, mantemento e uso crítico. - Propiedade intelectual e etiqueta dixital. - Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información. Copias de seguridade. - Seguridade na Rede: riscos, ameazas e ataques. - Medidas de protección de datos e información. Benestar dixital: prácticas seguras e riscos (ciberacoso, sextorsión, vulneración da propia imaxe e da intimidade, acceso a contidos inadecuados, adiccións...).

UD	Título da UD	Duración
3	Electricidade i electrónica	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2.1. - Analizar e realizar cálculos de magnitudes básicas en circuitos eléctricos i electrónicos moi sinxelos.	Coñecer conceptos sobre electricidade e electrónica, para deseñar e montar circuitos eléctricos e electrónicos que resoven un problema. Realizar cálculos sinxelos de forma correcta.	PE	80
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Buscar e contrastar información que axude a resolver un problema proposto de maneira crítica e fiable.	TI	20
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Idear e deseñar solucións eficaces que resolvan un problema proposto con actitude emprendedora e creativa.		
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaboradora.	Seleccionar e organizar os materiais axeitados para construír unha solución a un problema proposto. Planificar as tarefas necesarias para dar solución a un problema proposto.		
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Fabricar un obxecto sinxelo empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.		
CA2.4 - Deseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos respectando as normas de seguridade e saúde.	Deseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos respectando as normas de seguridade e saúde.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2.2. - Diseñar e montar circuítos eléctricos e electrónicos sinxelos nunha máquina ou sistema que resolvan os problemas propostos respectando as normas de seguridade e saúde.	Diseñar e montar circuítos eléctricos e electrónicos sinxelos nunha máquina ou sistema que resolvan os problemas propostos respectando as normas de seguridade e saúde.		
CA3.2 - Diseñar e montar circuítos eléctricos e electrónicos sinxelos nunha máquina ou sistema que resolvan os problemas propostos respectando as normas de seguridade e saúde.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases. - Estratexias de procura crítica de información para a investigación e a definición de problemas expostos. - Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. - Uso e mantemento de ferramentas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. - Respecto das normas de seguridade e hixiene. - Fabricación dixital. Deseño e construción de pezas con impresión 3D e/ou corte. - Circuitos eléctricos básicos. Montaxe e/ou simulación de circuítos con operadores eléctricos: xeradores, elementos de manobra ou control e receptores. Cálculos de magnitudes eléctricas básicas aplicados aos proxectos. - Introducción á electrónica. Montaxe e/ou simulación de circuítos electrónicos sinxelos. - Deseño de sistemas que incorporen mecanismos, circuítos eléctricos e electrónicos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxectos. - Análisis, montaxe e cálculo de magnitudes en circuitos eléctricos e electrónicos moi básicos.

UD	Título da UD	Duración
4	Sistemas de control e robots	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3.1. - Concepto de sistemas de control. Montaxe de circuitos moi sinxelos con Arduíno.	Proba práctica donde o alumnado deberá programar con arduino un circuito de control		
CA4.3 - Automatizar procesos, máquinas e sistemas, coa posibilidade de conexión a Internet, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.	Programación de robots mbot del aula taller.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Diseñar e montar sistemas de control e robots mediante a incorporación dos sensores, actuadores e elementos de control necesarios para a resolución de problemas propostos respectando as normas de seguridade e saúde.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Compoñentes e funcionamento dun sistema de control ou robot sinxelo: estrutura, mecánica, sensores, actuadores, controladores e alimentación. - Deseño e montaxe de sistemas de control ou robots para a resolución de problemas técnicos. - Sistemas de control programado: programación sinxela de dispositivos. - Introducción á Internet das cousas (IoT). - Fundamentos da robótica: control programado de robots de maneira física ou por medio de simuladores. Resolución de retos e desafíos de robótica sinxelos. - Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
5	El proceso tecnolóxico	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender e examinar obxectos tecnolóxicos sinxelos de uso habitual a través da análise de obxectos e sistemas, empregando o método científico e utilizando ferramentas de simulación na construción de coñecemento.	Comprender e analizar obxectos tecnolóxicos sinxelos.	TI	100
CA1.3 - Recoñecer a influencia da actividade tecnolóxica na sociedade e na sostibilidade ambiental ao longo da súa historia, identificando as súas achegas e repercusións e valorando a súa importancia para o desenvolvemento sostible.	Recoñecer a influencia da tecnoloxía na sociedade. Comprender a importancia dun desenvolvemento sostible.		
CA1.4 - Identificar as achegas das tecnoloxías emerxentes ao benestar, á igualdade social e á diminución do impacto ambiental, facendo un uso responsable e ético destas.	Identificar as tecnoloxías emerxentes e a súa influencia na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise de produtos e de sistemas tecnolóxicos sinxelos para a construción de coñecemento desde distintos enfoques e ámbitos. - Desenvolvemento tecnolóxico: creatividade, innovación, investigación, obsolescencia e impacto social e ambiental.

Contidos
- Ética e aplicacións das tecnoloxías emerxentes e sostibles.

UD	Título da UD	Duración
6	Proxecto de taller	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1.1. - Analizar o funcionamento de sistemas mecánicos de transmisión e transformación do movemento. Cálculos sinxelos de relacións de transmisión e velocidades.	Coñecer conceptos sobre mecanismos, para deseñar e fabricar sistemas mecánicos que solucionan un problema.	PE	80
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Participación no proxecto de taller	TI	20
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Participación no proxecto de taller.		
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaboradora.	Participación no proxecto de taller		
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Fabricar un obxecto sinxelo empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.		
CA2.4 - Deseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos respectando as normas de seguridade e saúde.	Deseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos respectando as normas de seguridade e saúde.		
CA3.1 - Deseñar e fabricar sistemas mecánicos sinxelos respectando as normas de seguridade e saúde.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases.
- Estratexias de procura crítica de información para a investigación e a definición de problemas expostos.
- Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso e mantemento de ferramentas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. - Respecto das normas de seguridade e hixiene. - Fabricación dixital. Deseño e construción de pezas con impresión 3D e/ou corte. - Análise do funcionamento de mecanismos de transmisión e transformación do movemento e as súas aplicacións prácticas. Cálculos sinxelos de relación de transmisión e velocidades aplicados a proxectos. - Deseño de sistemas que incorporen mecanismos, circuitos eléctricos e electrónicos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxectos. - Concepto de mecanismos. Sistemas de transmisión e transformación de movemento. Cálculo de relacións de transmisión e magnitudes en sistemas de transmisión mecánica.

UD	Título da UD	Duración
7	Documentación de proxectos	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais e empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto.	Empregar vocabulario técnico axeitado. Elaboración da documentación requerida.	TI	100
CA5.3 - Crear contidos, elaborar materiais configurando correctamente as ferramentas dixitais habituais da contorna de aprendizaxe, axustándoas ás súas necesidades e respectando os dereitos de autor e a etiqueta dixital.	Emprego de software específico ou axeitado ao material. Respecto dos derechos de autor no material empregado na documentación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario técnico apropiado. - Habilidades básicas de comunicación interpersonal. Pautas de conduta propias da contorna virtual. - Ferramentas dixitais para a elaboración de documentación técnica relativa a proxectos. - Ferramentas de edición e creación de contidos: instalación, configuración e uso responsable.

UD	Título da UD	Duración
8	Programación	9

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir, interpretar e deseñar solucións a problemas informáticos e/ou retos de robótica, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa.	Dar solución a problemas informáticos e/ou retos de robótica, aplicando a programación.	TI	100
CA4.2 - Programar aplicacións sinxelas para distintos dispositivos (ordenadores, dispositivos móbiles e outros) empregando os elementos de programación de maneira apropiada e aplicando ferramentas de edición e módulos de intelixencia artificial que enganadan funcionalidades.	Programar aplicacións sinxelas para distintos dispositivos, empregando os elementos de programación de maneira apropiada. Coñecer as bases da intelixencia artificial.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aplicacións informáticas sinxelas para ordenador e/ou dispositivos móbiles. - Introducción á intelixencia artificial. - Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado.

O eixe vertebrador será a realización de proxectos tecnolóxicos e prñacticas con metodoloxías que fomenten a resolución de problemas mediante o deseño e construción de sistemas técnicos e prototipos eléctricos, mecánicos, robóticos, etc. Durante a realización dos proxectos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos tecnolóxicos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula-taller de tecnoloxía.
Ordenadores con conexión a internet (ordenadores do programa Edixgal).
Software específico promovendo o uso do software libre sempre que sexa posible.

Materiais para a fabricación, tratando de potenciar a reutilización.
Ferramentas manuais e eléctricas propias do taller de tecnoloxía.
Operadores e compoñentes eléctricos e electrónicos.
Dispositivos de fabricación dixital: impresoras 3D
Robots
Placas de arduino
Material elaborado pola docente
Aula Edixgal

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso, realizarase un sondeo e cuestións relacionadas coa tecnoloxía sobre contidos da materia e tamén impartidos o curso anterior. En cada unidade didáctica dedicaranse uns minutos da primeira clase a investigar os coñecementos previos que ten o alumnado sobre conceptos da unidade

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	20	16	16	2	8	8	14	100
Proba escrita	0	80	80	0	0	80	0	0	35
Táboa de indicadores	100	20	20	100	100	20	100	100	65

Criterios de cualificación:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación.

A avaliación dos alumnos realizarase a partires de diferentes procedementos e empregando a súa vez distintos instrumentos. Terase en conta os seguintes aspectos para a avaliación:

Exames. Haberá un examen por unidade didáctica (por norma xeral, noutros bloques a avaliación será por traballos solicitados). Indicar que os exámenes en moitos dos bloques de contidos son prácticos e moi pouco teóricos e sobre contidos moi traballados na aula.

Despois de cada avaliación, farase un exame de recuperación dos exames suspensos nesa avaliación así como dos traballos suspensos, sempre e cando a nota da avaliación sexa inferior a 5 puntos.

Haberá un exame final (no mes de xuño) para recuperar de xeito individual as partes suspensas, sempre e cando sexan como moito dúas partes. Si son máis de dúas partes fará un exame de recuperación de toda a materia.

Tarefas : neste apartado valorarase a presentación, os contidos e o cumprimento do formato do traballo. Sempre

haberá unha data de entrega para cada traballo proposto, os traballos non se recollerán fora de esa data. Haberá un mínimo de un traballo en cada avaliación (aínda que polo xeral haberá bastantes máis)

Traballo diario: Neste apartado contabilízanse as chamadas de clase, os deberes feitos, que o alumno traia o material e o traballo diario na aula.

As aportacións cuantitativas para a nota final da avaliación repartíranse nos seguintes tres apartados:

Exames: Constituirán o 80% da nota. Por norma xeral os alumnos farán un exame por cada unidade ou bloque temático (exámenes a maioría prácticos). A nota neste apartado será a nota media ponderada dos distintos exames feitos na avaliación. Os exames poderán facerse en formato papel ou dixital, segundo sexa a parte a avaliar.

A hora de cualificar terase tamén en conta o seguinte:

Nos exames, nos exercicios de cálculo, cando non se producen erros no plantexamento, pero si na operación, restarase o 25% da puntuación do exercicio ou apartado

Tarefas: Normalmente serán un por avaliación e constituirán o 15% da nota (Se houberse varios traballos farase a media de todos eles)..

Non se recollerán os traballos fora de prazo sin unha xustificación. Os traballos non entregados serán avaliados cun cero.

A nota dos traballos repartirase do seguinte xeito:

Presentación: 10%

Limpeza e meticulosidade na presentación.

Formato: 20%

Cumprimento das normas de entrega do traballo expostas pola profesora para cada traballo no tocante a título, subtítulo, portada, formato carácter...

Contidos: 60%

Presenza de todos os puntos do traballo e que todos os puntos estean desenvolvidos de xeito correcto e riguroso; que estean redactados polo alumno e non copiados de internet.

Exposición oral dos traballos: Cando se faga unha exposición dos traballos presentados, a nota dividirase de xeito que os apartados anteriores contarán un 70% e a exposición en si un 30%

Traballo diario: Contribuirá un 5% á nota da avaliación . Neste apartado valorarase a puntualidade ás clases, as chamadas de clase (inclúese aquí tamén os deberes feitos), que leven o material á clase e o traballo nas sesións de aula.

Para o cálculo final da nota terase en conta o peso de cada unidade didáctica. Para o cálculo final da nota as cualificacións das diferentes avaliacións terán o mesmo peso. Para superar a materia ao final do curso a nota final ha de ser superior a 4.5 puntos.

Criterios de recuperación:

Para aprobar unha avaliación o alumnado deberá ter unha nota de 5 puntos.

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

De cada proba escrita obxectiva realizarase unha segunda de recuperación para aquel alumnado que teña a avaliación suspensa. As probas de recuperación faranse unha vez realizada as reunións de avaliación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Este curso non hai alumnado de cursos superiores con Tecnoloxía e Dixitalización de 2ºESO sen superar.

6. Medidas de atención á diversidade

Entre outras, contéplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira.
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Os rapaces están sentados na aula taller por grupos. Estes grupos atenden a criterios e informes proporcionados polos titores do curso pasado e por o departamento de orientación.
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación.

- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento, en 2º da ESO-A debido a número de alumnado con NEAE, solicitarase ao departamento de orientación o apoio na aula .

- Adaptacións curriculares.

- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.).

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - Expresión oral e escrita.					X		X	
ET.3 - ET.3 - Comunicación audiovisual.			X	X		X	X	X
ET.4 - ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X			X	X
ET.5 - ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X		X	X		X		X
ET.6 - ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.			X	X	X	X		X
ET.7 - ET.7 - Educación emocional e en valores.		X	X	X		X	X	
ET.8 - ET.8 - Igualdade de xénero.			X	X		X	X	X
ET.9 - ET.9 - Creatividade.			X	X		X		X
ET.10 - ET.10 - Educación para a saúde.	X	X	X	X		X		
ET.11 - ET.11 - Formación estética.	X		X	X		X		X
ET.12 - ET.12 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.		X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.		X	X	X		X	X	

Observacións:

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos. Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e coa elaboración de documentación técnica. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica. Comunicación audiovisual: presentación de resultados de prácticas e proxectos mediante creacións audiovisuais. Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia. Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos. Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos tecnolóxicos. Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos fomentará o traballo en equipo. A igualdade de xénero no ámbito científico e tecnolóxico é unha necesidade na sociedade actual, que tratará de cubrirse mediante un axeitado reparto de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos. Creatividade: Desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos. Educación para a saúde: importancia do respecto polas normas de seguridade e hixiene no taller. Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade. Formación estética: procesos de deseño e acabado nos proxectos tecnolóxicos. Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade nos proxectos tecnolóxicos, sobre todo na elección de materiais e fontes de enerxía. Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas relacionadas coa materia.	Saídas didácticas relacionadas coa materia.		X	

Observacións:

As saídas didácticas programada para este curso por parte do departamento de Tecnoloxía e a fábrica de cociñas Santos, que ten as instalacións no propio concello e que ten departamentos interesantes para visitar. Intentarase tamén participar naquelas actividades que, sendo programadas xa avanzado o curso, resulten interesantes para o alumnado.

Datos da visita:

- Obxectivos: Fábrica de cociñas Santos.
- Profesorado responsable: Rocío Leira
- Alumnado participante: 30 alumnos de 2º da ESO
- Datas e lugar de celebración: por determinar
- Repercusións económicas: Custo do autobús, 4€ cada alumno/a.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas.
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.

Metodoloxía empregada
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica....
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
Medidas de atención á diversidade
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
Clima de traballo na aula
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma.
Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.
Outros
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase periodicamente a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha valoración das distintas unidades didácticas de cara a introducir melloras para o seguinte curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	27
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	33

1. Introducción

A materia de Xeografía e Historia de segundo da ESO contribúe á percepción e a análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do devir a través do tempo e do espazo e a análise do cambio como froito da acción humana implica concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea.

Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e exercer a cidadanía cara un comportamento cívico.

Nesta liña, os contidos do segundo curso van na dirección de traballar os retos clave do mundo actual como o desafío demográfico, o complexo proceso de urbanización, a distribución da riqueza e a igualdade entre homes e mulleres desde unha perspectiva integradora que permita comprender as dinámicas xeopolíticas e socioeconómicas actuais, cun enfoque multicausal que relacione os condicionantes físicos, os medios humanos e os recursos do planeta e as consecuencias da súa explotación. Entender as dinámicas internas e externas da poboación e as súas derivadas como a diversidade da poboación, a interculturalidade, as minorías e a igualdade de xénero. Así mesmo, valorar que todos estes aspectos fan sentir os efectos dos fenómenos da globalización, das desigualdades e da cooperación.

No apartado da Historia, traballaremos a Idade Media e Moderna que, relata máis de 1200 anos do noso legado histórico. Os contidos e criterios de avaliación concíbense desde unha perspectiva estrutural e coxuntural, é dicir, abordan o esencial de ambas etapas prescindindo de datos concretos ou descriucións pormenorizadas para profundar nas estruturas histórico-culturais herdadas ou renovadas, as súas consecuencias políticas e socioeconómicas. Polo tanto, tamén se abordará a distinta concreción circunstancial no tempo dado, no marco mundial e especialmente no europeo, onde deberemos salientar os procesos históricos acaecidos nos distintos estados peninsulares ibéricos, e en particular en Galicia. Terán relevancia os contidos e obras artísticas de cada período, centrándose en exemplificacións do ámbito peninsular e galego.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os reinos altomedievais		6	6	X		
2	A Europa feudal		6	9	X		
3	Románico, gótico e arte islámica		6	9	X		
4	A Península Ibérica na Idade Media e o reino medieval de Galicia		7	9	X		
5	Crise feudal e Baixa Idade Media		10	9		X	
6	A Monarquía Hispánica		10	9		X	
7	A conquista e colonización de América		10	9		X	
8	Renacemento e Reforma		10	9		X	
9	O século do Barroco		8	9			X
10	Os desafíos demográficos		10	9			X
11	Un mundo de cidades		10	9			X
12	Desigualdade e cooperación		7	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os reinos altomedievais	6

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende a relevancia do Reino Visigodo e do Reino Suevo na historia de España e Galicia, respectivamente.	PE	50
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	É capaz de identificar os trazos esenciais da arte hispanovisigoda.		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Logra diferenciar unha fonte primaria dunha secundaria.	TI	50
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Sabe elaborar un eixe cronolóxico sobre as invasións bárbaras e os reinos xermánicos.		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Identifica nun mapa as invasións bárbaras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
Outro aspecto a ter en conta serán as dinámicas de grupo ("constrúe unha historia", "adiviña quen son", "ordena a historia", "resolva e soluciona"...) xa que a "aprendizaxe entre iguais" é moi efectiva. Propóranse tarefas a desenvolver de xeito individual, en pequeno grupo ou en gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceremos un diálogo/debate coa idea de que axude a enriquecer e comprender os contidos.

Na aula alternaremos os traballos e actividades individuais que favorezan no alumnado a súa participación na aula, a autonomía e a capacidade de aprender por si mesmos, cos desenvolvidos en pequeno e gran grupo, promovendo, entre outros, os seguintes aspectos:

- A relación e comunicación entre o alumnado potenciando os valores de respecto, solidariedade, empatía e asertividade.

- Potenciar a axuda e/ou titoría "entre iguais" buscando a cohesión como grupo, utilizando a diversidade do alumnado como unha importante ferramenta no proceso de ensino-aprendizaxe, no canto de considerar esa diversidade coma un problema e/ou desventaxa.

- O traballo e actividades en equipo con perspectiva de xénero.

Potenciaranse as estratexias de busca e tratamento da información escrita en formato papel (buscando traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento): prensa e revistas tradicionais, manuais de aula, monografías e outras publicacións, favorecendo o uso dos recursos da Biblioteca do centro. Tamén se potenciará o uso de fontes de información orais e/ou audiovisuais: medios de comunicación tradicionais (televisión, radio, prensa escrita, etc.) e medios TIC's (Internet, plataformas online, podcats, blogs, Apps e Redes Sociais) relacionadas coa materia de Xeografía, Historia e Arte.

Así mesmo, darase moita importancia á experiencia lectora, dado que acostuma ao alumnado ao vocabulario específico da materia e contribúe a sentar e afianzar coñecementos para cursos posteriores. É por iso que, na medida do posible, pedirase ao alumnado lecturas que poderán ser obrigatorias e/ou voluntarias (dependendo do criterio da profesora e das necesidades educativas en cada caso e grupo), relacionadas cun tema ou temas da materia adecuadas ao nivel competencial de cada curso e do alumnado.

Estableceremos unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorecedoras da inclusión. En relación a isto, a profesora empregará distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado

para que adquiren autonomía e aprendan por si mesmos, o que vai permitir reforzar a súa autonomía, reflexión e responsabilidade así como a participación constante do alumnado no proceso do ensino-aprendizaxe e na construción dos seus coñecementos.

A innovación, o deseño, a actividade, a creatividade serán as características dos métodos que se aplicarán na aula tratando de fuxir das clases exclusivamente expositivas e unidireccionais que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses. Por isto, consideramos que é necesario permitirlle ao alumnado que afonden naqueles aspectos que lles resulten máis interesantes da materia e que aporten en todo momento as súas opinións sobre o desenvolvemento dos contidos, así como aprender a facer autoavaliación e avaliación entre iguais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula Virtual do Centro (Plataforma Edixgal)
Apuntamentos e fichas elaboradas pola profesora
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Material audiovisual (Vídeos, fragmentos de películas, documentais, podcats, xogos interactivos, aplicacións tipo google earth, etc.)
Cine e/ou documentais
Recursos da biblioteca do centro
Material informático (Ordenadores, proxector, pantalla dixital, etc.)
Novelas históricas, novelas gráficas, cómics
Prensa (tradicional e online)
Mapas xeográficos, artísticos e históricos
Material funxible
Libro de texto (Non usaremos un libro propiamente dito xa que utilizaremos os contidos de Edixgal e os aportados/elaborados pola profesora)

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

Neste curso de 2º de ESO seguimos traballando no entorno EDIXGAL, polo cal non teremos un libro de texto propiamente dito, xa que utilizaremos os recursos e material educativo aloxados nesta plataforma de ensino, ademais do achegado pola profesora, tanto de elaboración propia como o obtido de plataformas de recursos educativos. EDIXGAL será utilizado para aloxar diferentes tarefas, traballos e actividades avaliáveis adaptadas aos contidos que se están a impartir sendo un medio idóneo para que o alumnado se comunique coa profesora, consulte dúbidas, obteña aclaracións, etc.

Ademais a profesora, para impartir e clarificar os contidos da materia utilizará, segundo as posibilidades do centro e as necesidades e evolución do proceso de ensino-aprendizaxe, o seguinte:

- Apuntes, material e explicacións elaborados pola profesora e/ou obtidos de diferentes plataformas de recursos educativos.
 - O alumnado terá que utilizar un caderno de traballo e/ou libreta da materia onde plasmará as tarefas, apuntamentos, exercicios, traballos e actividades de xeito ordenado e con boa presentación. Dito cartafol será unha mostra máis do traballo do alumnado e da súa progresión, sendo valorado para a cualificación final.
 - Fichas e fotocopias de diversa temática, segundo os contidos traballados.
 - Libros de lectura (novelas, cómics históricos, etc) e películas e/ou fragmentos das mesmas que traten algún dos

aspectos do currículo de segundo da ESO adoitan ser un material atractivo para afondar e comprender os contidos. Estes serán traballados/utilizados na súa totalidade ou parcialmente segundo a organización e dispoñibilidade temporal.

- Mapas mudos e/ou temáticos (xeográficos, históricos, artísticos) en papel e formato dixital.
- Aula virtual do centro, no caso de non poder aloxar algún recurso no entorno EDIXGAL
- Ordenadores do alumnado (EDIXGAL)
- Documentos gráficos, sonoros e/ou audiovisuais aloxados en plataformas de uso habitual no alumnado como YouTube, TikTok ou Spotify (obviamente recomendando sempre perfiles con contidos relacionados exclusivamente coa materia impartida no momento).
- Recursos aloxados en internet, Apps e plataformas dixitais.
- Presentacións en diversos formatos como CANVA, PDF ou Power Point.
- Libros de texto e libros de consulta, enciclopedias, dicionarios (coa idea de potenciar os recursos existentes na Biblioteca do noso centro, e tamén, para non perder o hábito de usar as fontes de información tradicionais, fronte ao xa uso masivo de Internet)
- Xogos históricos e Kahoots que favorecen a participación e o bo clima no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Publicacións periódicas tradicionais: prensa e/ou revistas posot que no curso de terceiro abórdanse temáticas que, en grande medida, están en boga como a globalización, o medio ambiente, o mundo laboral, as migracións, os conflitos civís...etc, polo que o emprego da prensa resulta interesante para darlle ese enfoque práctico e de realidade á aprendizaxe.
- Encerado tradicional e dixital e canón proxector.
- Participación do alumnado en debates, foros, charlas, conferencias, na aula ou fóra dela.
- Saídas didácticas, se o tempo e a evolución do proceso de ensino-aprendizaxe, o permite.
- Plataformas de clase on line (Webex ou outras) como substituto ás clases presenciais cando estas non poidan producirse por motivos de confinamento e/ou enfermidades que impidan asistir ás clases con normalidade.

Ainda que hoxe en día o manexo das TIC son case imprescindibles pois ofrecen moitas vantaxes pero a docente será selectiva no seu emprego e transmitindo ao alumnado a necesidade do seu uso responsable, así como poñendo en valor o uso das fontes de información tradicionais, tal e como se está sendo tendencia noutros países a nivel educativo, nos que está tratando de recuperar os formatos tradicionais, fronte ó uso excesivo das TIC (coa idea de evitar o exceso de horas diante das pantallas dos diferentes dispositivos electrónicos)

Polo mencionado anteriormente e, malia que estamos nun momento moi tecnolóxico ("boom da IA - Intelixencia Artificial"), non descartaremos os traballos de carácter manual, elaborados con material funxible, como os pósters ou murais temáticos xa que é importante que o alumnado planifique, deseñe e constrúa co fin de que desenvolva as súas destrezas e a súa proactividade.

En definitiva, a profesora empregará diferentes materiais didácticos coa intención de diversificar a metodoloxía senón tamén para promover a aprendizaxe e construción individual do alumnado do seu coñecemento.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso (dacordo co calendario establecido pola Consellería e o centro de ensino) realizamos unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade do alumnado, coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de ensino-aprendizaxe. Así mesmo permitíranos valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula. Durante o curso académico 2023-2024, seguírase o seguinte procedemento:

- Análise das adaptacións das programacións realizadas durante o curso pasado e revisión e adecuación das realizadas no presente curso, segundo as necesidades do alumnado.
- Valorar as informacións obtidas sobre as necesidades do alumnado a través da persoa titora do pasado curso e da Xefatura de Estudos.
- Valorar os informes do Departamento de Orientación, de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) no caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe, necesidades educativas especiais, e de altas capacidades.
- Observación das actividades realizadas polo alumnado os primeiros días do curso, especialmente aquelas que permitan valorar á adecuación das destrezas procedementais do alumnado ao nivel educativo que cursan.
- Valoración do coñecemento previo dos contidos mínimos do curso, mediante actividades, preguntas formuladas durante as clases nas primeiras semanas do curso e realizando unha proba escrita e/ou oral.

A avaliación inicial consistirá en exercicios orais e/ou escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (que pode ter preguntas a desenvolver, exercicios completar textos, relacionar conceptos, preguntas tipo test, ordenar conceptos, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos; pola outra banda, desenvolverase

unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais. Así mesmo realizaremos unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, preguntas tipo test, enunciados de verdadeiro falso, "tormenta ou choiva" de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas, etc. A avaliación inicial ofreceranos información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais daranos a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade. Estas probas diagnósticas permitirannos detectar as confusións e incorreccións que o alumnado teña sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantearlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas. Estas probas iniciais se valorán numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado, simplemente teñen un carácter diagnóstico.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	6	7	10	10	10	10	8	10
Proba escrita	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	7	100
Proba escrita	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50

Criterios de cualificación:

Tendo presentes as medidas establecidas a partires da avaliación inicial, teranse en conta o seguinte conxunto de instrumentos á hora de avaliar ao alumnado e establecer unha cualificación:

- Exames realizados ao longo do curso (un ou varios por trimestre, según determine a profesora segundo a evolución do alumnado e as necesidades do proceso de ensino-aprendizaxe)
- Probas orais e/ou escritas (controles) e actividades específicas realizadas cada trimestre.
- Caderno/libreta elaborado polo alumnado cos apuntamentos, exercicios, traballos e actividades.
- Traballos obrigatorios (individuais, en pequeno e/ou gran grupo), segundo indique a profesora.
- Participación, traballo, afán de superación e esforzo diario na clase.
- Tamén se terá en conta e valorarase a evolución positiva e/ou negativa do alumnado durante o transcurso do curso.

A avaliación do alumnado terá en conta distintos aspectos, tanto os referidos ao seu traballo diario e ao seu esforzo e evolución ao longo do curso, como os vinculados ás súas capacidades amosadas tanto na realización das actividades e traballos propostos como nas probas e exames. Aparecerán así distintas cualificacións en cada avaliación:

- Cualificación de exames escritos e/ou orais. Os exames serán escritos sempre que se poidan realizar no centro. No caso de ensino non presencial (debido á corentenas, enfermidades e/ou convalecencias así como períodos de ensino semipresencial) poden realizarse oralmente ou por escrito de forma presencial e/ou a través de plataformas de ensino a criterio da profesora, sempre atendendo e dependendo das necesidades e situación do alumnado nese momento. No caso de suspensión das clases presenciais realizaranse a través da Aula Virtual (escritas) ou dunha plataforma de videoconferencia (orais), buscando adaptarse á situación do momento, tratando de favorecer ao máximo posible o correcto desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

- Cualificación de traballos obrigatorios (individuais e en pequeno e/ou gran grupo). Poden ser presentados en diversos formatos (en papel, audiovisuais, PDF, CANVA, ect.) a presentación pode ser física e/ou "tradicional" (en papel) e/ou de forma dixital (a través de correo electrónico e/ou da Aula Virtual), segundo o indicará a profesora en cada un dos traballos e actividades. Estes traballos presentaranse na clase por parte do alumnado que os elaborou. No caso de ensino non presencial (debido á corentenas, enfermidades e/ou convalecencias así como períodos de ensino semipresencial) poden presentarse oralmente ou por escrito e/ou a través de plataformas de ensino a criterio da profesora, sempre atendendo e dependendo das necesidades e situación do alumnado nese momento. No caso de suspensión das clases presenciais realizaranse a través da Aula Virtual (escritas) ou dunha plataforma de videoconferencia (orais), buscando adaptarse á situación do momento, tratando de favorecer ao máximo posible o correcto desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

- Cualificación de probas específicas individuais. Trátase de pequenas probas de control de seguimento das unidades (cuestións curtas, identificación e análise de documentos, comentarios, mapas, actividades de comprensión, lecturas, audiovisuais, traballos voluntarios...). Poden ser presentados en diversos formatos (en papel, audiovisuais, PDF, CANVA, ect.) a presentación pode ser física e/ou "tradicional" (en papel) e/ou de forma dixital (a través de correo electrónico e/ou da Aula Virtual), segundo o indicará a profesora en cada un dos traballos e actividades. Estes traballos presentaranse na clase por parte do alumnado que os elaborou. No caso de ensino non presencial (debido á corentenas, enfermidades e/ou convalecencias así como períodos de ensino semipresencial) poden presentarse oralmente ou por escrito e/ou a través de plataformas de ensino a criterio da profesora, sempre atendendo e dependendo das necesidades e situación do alumnado nese momento. No caso de suspensión das clases presenciais realizaranse a través da Aula Virtual (escritas) ou dunha plataforma de videoconferencia (orais), buscando adaptarse á situación do momento, tratando de favorecer ao máximo posible o correcto desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

- Cualificación do caderno do alumnado. Valorarase que o material e contidos estean ordenados e completos, aparecendo todas as actividades e fichas entregadas. A nota refírese, polo tanto, á capacidade do alumnado de manter todo o material ordenado e completo, independentemente da calidade de realización das actividades. No caso de ensino non presencial terase en conta o material enviado á Aula Virtual.

- Cualificacións obtidas da observación directa do traballo diario, participación e esforzo. Valorarase a realización das actividades (positivos pola realización, independentemente de que estean mal ou ben realizadas) e a participación activa e positiva, a disposición e a responsabilidade nas clases. Tamén se rexistrarán as intervencións e participación do alumnado no desenvolvemento do proceso do ensino-aprendizaxe na aula, xunto coa súa boa ou mala disposición a nivel de grupo (respecto dos compañeiros/as, da docente, das quendas de voz, da contribución á orde e ao silencio, da boa conservación do material de aula, xa sexa propio ou do centro, etc.). Tamén se rexistrará a falta, non entrega e/ou entrega fóra de prazo de deberes/exercicios/traballos/actividades así como os comportamentos disruptivos que impidan o correcto discorrer das explicacións. No caso de ensino non presencial terase en conta o material enviado á Aula Virtual e a participación nas clases telemáticas.

A media por avaliación obtense do seguinte xeito:

- Exames: 50% da nota da avaliación. No caso de realizar máis dun exame por trimestre a nota do apartado dos exames será a media aritmética entre eles engadindo o resultado ao resto de elementos para obter a nota final. No caso de educación telemática e/ou semipresencial durante toda a avaliación ou gran parte desta (máis do 70% das sesións) o apartado exames establecerase igualmente no 50% da nota da avaliación.

- Traballos obrigatorios (individuais e pequeno e/ou gran grupo, segundo determine a profesora): 30% da nota de avaliación. Estes traballos, deberán ser entregados en papel e/ou formato dixital, segundo indique a profesora e, sempre serán presentados/defendidos polo alumnado na aula. No caso de educación telemática e/ou semipresencial durante toda a avaliación ou gran parte (máis do 70% das sesións) desta o apartado probas específicas e traballo suporá tamén o 30% da nota da avaliación.

- Probas específicas: Controis, lecturas e/ou outras actividades: 10% da nota de avaliación. No caso de educación telemática e/ou semipresencial durante toda a avaliación ou gran parte desta (máis do 70% das sesións) o apartado caderno do alumnado suporá o 10% da nota da avaliación.

- Caderno do alumnado, actividade diaria (implicación e participación), traballo, esforzo e afán de superación: 10% da nota de avaliación. Obtense das cualificacións recollidas das actividades e do traballo diario na aula (implicación e

participación), do traballo, esforzo e afán de superación e da nota do caderno. No caso de educación telemática e/ou semipresencial durante toda a avaliación ou gran parte desta (máis do 70% das sesións) o apartado caderno do alumnado suporá o 10% da nota da avaliación.

É necesario aclarar algúns aspectos que deben ser tidos en conta á hora de establecer as notas:

- Todos os instrumentos de avaliación (exames escritos e orais, probas específicas, traballos obrigatorios, lecturas, actividades, caderno do alumnado, actividade diaria, traballo, afán de superación, esforzo...) valoranse entre 0-10 puntos, calculando o valor final en cada avaliación segundo as porcentaxes expresadas anteriormente.

- A nota final da avaliación resultará de sumar os valores de cada un dos apartados sinalados anteriormente, aplicando as porcentaxes indicadas. O alumnado superará a avaliación se, ao sumar todos os apartados nas porcentaxes indicadas anteriormente, obtén, como mínimo, 5 puntos.

- En caso de que resulten números decimais na nota de avaliación, actuarase do seguinte xeito:
 - En caso de que non se chegue a medio punto (0,1; 0,2; 0,3; 0,4), considerarase o número enteiro anterior (exemplo: 5,4 a nota será de 5 ou Suficiente).

- En caso de que sexa de medio punto ou superior, asignarase o número enteiro superior sempre e cando o apartado referido a "Caderno do alumnado, actividade diaria (implicación e participación), traballo, esforzo e afán de superación" presente unha nota superior a 0,60 puntos (1 punto é o máximo), e de que se teña polo menos un 0,60 (1 punto é o máximo) no apartado "Probas específicas: Controis, lecturas e/ou actividades", en caso de que non sexa así, reducirase ao número enteiro inferior.

- Se o estudante non acadou un 5 ao sumar todos os apartados (segundo as porcentaxes indicadas), considerarase que non superou a avaliación e deberá facer un exame e/ou actividades de recuperación das avaliacións suspensas ao longo do curso.

- Os exames e/ou actividades de recuperación da 1ª e 2ª avaliacións realizaranse, preferentemente, tras finalizar estas. No caso da 3ª avaliación realizaranse no mes de xuño.

- No caso de ter que recuperar todas as avaliacións, o alumnado que o precise realizará un exame e/ou actividades de recuperación no mes de xuño, superando a materia se obtén, como mínimo, 5 puntos.

- O exame e/ou actividades de recuperación basearase nos contidos mínimos esixibles, tendo de referencia aqueles practicados ao longo de todo o curso. O aprobado nesta proba significará a superación da materia. É dicir, considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

- O alumnado que non logre unha media de 5 puntos tras facer estas probas e/ou actividades de recuperación non aprobará a materia. .

- O alumnado que non realice algún exame na data prevista, sempre e cando teña un motivo xustificado da falta, deberá realizalo o máis pronto posible, tras a súa reincorporación ás clases. En caso de que non exista un motivo xustificado a nota será de cero puntos.

- No caso do alumnado que sexa descuberto copiando nunha proba ou exame será cualificado con cero puntos.

- Coa finalidade de evitar plaxios, nas rúbricas para a elaboración dos traballos e outras actividades que o alumnado teña que realizar durante o curso terase en conta, entre outros aspectos, a orixinalidade tanto na súa elaboración como na presentación dos mesmos.

Criterios de recuperación:

- As recuperacións durante o curso recóllense no apartado anterior xa que aquí a limitación de caracteres non permitía gardalo.

- Alumnado coa materia pendente (este ano, de momento non hai alumnado coa materia pendente, agás novas incorporacións ao longo do curso): A área de Ciencias Sociais presenta unhas características peculiares, polo que non podemos considerar a materia dun curso aprobada se o alumnado aproba a do curso posterior. Ao non ser esta unha materia progresiva, xa que está integrada por contidos diversos (Xeografía, Historia e Arte), ter a materia aprobada nun curso non presupón telo en anos anteriores, nin que o alumnado supere automaticamente a materia pendente. O alumnado coa materia pendente será titorizado pola profesora que lles imparte clase no curso vixente. Esta entregará boletíns de exercicios de práctica e reforzo (baseados nos contidos mínimos esixibles), solucionará dúbidas e guiará no proceso de estudo. Para superar a materia pendente, o alumnado terá dúas posibilidades:

- A realización e presentación de boletíns de exercicios entregados pola profesora ao longo do curso. Se o alumnado acadou un mínimo de 5 sobre 10, darase por superada a materia e o estudante non terá que realizar proba escrita no mes de xuño.

- Se o alumnado non realiza nin entrega ditas tarefas e/ou parte delas, realizará a correspondente proba escrita no mes de xuño, na data que o centro estime oportuna. O 100% da superación da materia pendente, neste caso, queda suxeita a dito exame, para a cal será imprescindible acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10. No caso de superar a materia por medio desta última recuperación (no mes de xuño) a nota será un 5, independentemente da

nota acadada, xa que se tratará dun exame de mínimos que non incluírá moitos dos contidos avaliados durante o curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que o alumnado teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades do alumnado destinatario. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo inclúe, cando menos:

- Identificación do alumnado.
- Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- Seguimento e avaliación.
- Acreditación da información á familia.

A área de Ciencias Sociais presenta unhas características peculiares, polo que non podemos considerar a materia dun curso aprobada se o alumnado aproba a do curso posterior. Ao non ser esta unha materia progresiva, xa que está integrada por contidos diversos (Xeografía, Historia e Arte), ter a materia aprobada nun curso non presupón telo en anos anteriores, nen que o alumnado supere automaticamente a materia pendente. O alumnado coa materia pendente será titorizado pola profesora que lles imparte clase no curso vixente. Esta entregará boletíns de exercicios de práctica e reforzo (baseados nos contidos mínimos esixibles), solucionará dúbidas e guiará no proceso de estudo. Para superar a materia pendente, o alumnado terá dúas posibilidades

- A realización e presentación de boletíns de exercicios entregados pola profesora ao longo do curso. Se o alumnado acadar un mínimo de 5 sobre 10, darase por superada a materia e o estudante non terá que realizar proba escrita no mes de xuño.

- Se o alumnado non realiza nin entrega ditas tarefas e/ou parte delas, realizará a correspondente proba escrita no mes de xuño, na data que o centro estime oportuna. O 100% da superación da materia pendente, neste caso, queda suxeita a dito exame, para a cal será imprescindible acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10. No caso de superar a materia por medio desta última recuperación (no mes de xuño) a nota será un 5, independentemente da nota acadada, xa que se tratará dun exame de mínimos que non incluírá moitos dos contidos avaliados durante o curso.

Na sesión de avaliación final do curso en que esté escolarizado o alumnado coa materia pendente, a profesora da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, o alumnado deberá obter unha avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

6. Medidas de atención á diversidade

Un dos obxectivos básicos das medidas de atención á diversidade será dar resposta ás diferentes necesidades do alumnado desta etapa tendo en conta que non todos teñen a mesma capacidade para aprender e seguir o ritmo no proceso de ensino-aprendizaxe, sendo imprescindible, unha vez detectadas as necesidades específicas, o tratamento individualizado. En todos os casos valoraremos o progreso individual en función dos obxectivos marcados (potenciando o traballo con contidos procedementais), informando previamente ao alumnado do que se espera de el. As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

- Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha

proposta de material de traballo adaptado para facerlo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivarse máis.

- Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

As medidas concretas de atención á Diversidade para cada materia e grupo, indicaranse no desenvolvemento de cada unha das programacións de materia, unha vez realizada a xunta de avaliación inicial, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, PT e AL, así como as necesidades que, entre o alumnado poidan xurdir, no transcurso do presente curso 2023/2024, realizando as pertinentes adaptacións curriculares, no caso de que estas sexan precisas. Á espera de concretar as medidas extraordinarias para o caso do alumnado que o precise, contemplamos as seguintes medidas:

- Organizativas:
 - Adecuación da estrutura organizativa do centro e/ou da aula
 - Tempos e espazos adaptados e horarios específicos
 - Materiais e recursos didácticos adaptados, desdoblamento de grupo e reforzo educativo
- Curriculares:
 - Adaptación metodolóxica con traballos colaborativos en grupos heteroxéneos, aprendizaxe por proxectos.
 - Tutoría e/ou aprendizaxe por iguais.
 - Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
 - Programa de reforzo educativo.
 - Programa específico repetidor da materia.
 - Adaptacións curriculares, se son precisas.
 - Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
 - Graduación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
 - Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
 - Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
 - Actividades de reforzo e consolidación.
 - Aprendizaxe por Proxectos.
 - Traballo colaborativo.
 - Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
 - Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
 - Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Contéplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso. No momento de elaborar esta programación, non hai alumnado nesta circunstancia, se ben, ao longo do curso poden aparecer novas matrículas que estean nesa situación, de ser así a profesora actuará como sigue:

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. O plan específico personalizado inclúe:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a igualdade, a empatía e a asertividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comprensión e expresión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento								
ET.5 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a igualdade, a empatía e a asertividade	X	X	X	X
ET.3 - Comprensión e expresión lectora, oral e escrita	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento		X	X	X
ET.5 - Educación ambiental	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Por suposto traballar a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, en definitiva, os ODS...é prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos.

Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado.

Como tema transversal inclúese a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a charlas	complementaria	X	X	X
Excursións de interese didáctico	complementaria	X	X	X
Roteiros didácticos	complementaria	X	X	X
Visitas a exposicións e museos	complementaria		X	X
Proxección de cine	complementaria		X	
Asistencia a representacións teatrais	complementaria	X		

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a:

- Potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado.
- Saír da rutina.
- Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real.
- A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Estas actividades complementarias serán escollidas e preparadas pensando en que:

- Sexan motivadoras.
- Se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

- Fase previa: que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
- Fase central: consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
- Fase de Feed-back: para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Valoración xeral da materia
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterios de cualificación foron axustados
Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe

Metodoloxía empregada
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Emprega variedade de recursos
Motiva ao alumnado
Ofrece oportunidades de recuperación
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
É innovador/a
Revisa a realización das tarefas propostas na aula e fóra dela
Valora o esforzo
Sabe dirixir as clases
As actividades foron variadas e motivadoras
A temporalización foi adecuada
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou doutro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Cumpriu co horario de clase
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas entre o alumnado
Presento actividades de reforzo e ampliación para o alumnado que o precisa
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e do alumnado
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Proporcione información ao alumnado sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolles pautas para mellorar
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades

Descrición:

A profesora someterá á avaliación a súa práctica docente no proceso de ensino-aprendizaxe.

- No referente á Práctica docente: esta avaliación realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conterán unha escala de valoración xirando entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

- No referente ao Proceso do ensino: para avalialo a profesora dispón dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario recóllese aspectos sobre:

* A programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación).

* Desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..)

* Avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A profesora realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada pola profesora e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade, á realidade e ás necesidades do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.

9. Outros apartados